

Algúns aspectos do réxime xurídico dos montes en man común en Galicia

Catedrático de dereito civil.
Universidade de Santiago
de Compostela

Ángel Luis Rebolledo Varela

I.

Introducción

A Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia comeza o tratamento dos dereitos reais coas comunidades, e dentro delas cunha das máis características da Comunidade Autónoma de Galicia como son os montes veciñais en man común. Sen embargo unha lectura da lei nesta materia produce inmediatamente unha certa perplexidade cando se observa que a sección 1ª contén un único artigo que, salvo algunha precisión certamente relevante en canto á atribución da condición de veciños da comunidade titular do monte veciñal, se limita a reproducir-lo artigo 1 da Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (DOG do 20 de outubro) dende o que se remite para a súa regulación á súa lexislación específica.

E así, conforme ó artigo 14 da Lei 4/1995, "son montes veciñais en man común, e rexeranse pola súa lexislación específica,

os que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades productivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais, e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente os membros daquelas, en réxime de comunidade sen asignación de cotas, na súa condición de veciños con casa aberta e con fume”.

Probablemente a actual complexidade que presenta a regulación xurídica dos montes en man común facía difícil tanto dende un punto de vista de simple técnica lexislativa como de formulacións puramente estatutarias¹, a súa incorporación ó texto da Lei 4/1995 e por iso non deixa de ser oportuno o mantemento autónomo da lexislación xa existente sobre a materia aínda que, polas mesmas razóns, pode parecer excesiva unha certa pretenciosidade do lexislador ó non limitarse a unha remisión xenérica e configurar unha sección sobre os montes veciñais en man común, quizais exclusivamente por continuar cunha tradición histórica xa que na Lei 147/1963, do 2 de decembro sobre compilación do dereito civil especial de Galicia, no título V, dentro das formas especiais de comunidade, se lle dedicaba o capítulo I (arts. 88 a 89) á comunidade en materia de montes, aínda que tamén cabe pensar, vendo a configuración total do capítulo I do título III e as figuras que regula, que o lexislador se viu forzado a buscar un contido para darlles ás comunidades, co fin de completar un título dedicado ós dereitos reais que, pola súa vez, lle dese corpo a unha lei que contiñese o dereito civil de Galicia, con identidade propia, nas tradicionais materias que regula o Código civil, isto é, título preliminar coas fontes (arts. 1 a 5), dereito da persoa (art. 6), dereitos reais (arts. 14 a 34), contratos (arts. 35 a 99), dereito de familia (arts. 100 a 116) e dereito de sucesións (arts. 117 a 170), o seu contido, parece obvio, en ocasións é moi discutible.

¹ Sinala RAPOSO ARCEO como a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de réxime xurídico dos montes veciñais en man común se recolle no art. 27.11 do Estatuto de autonomía, separándoo, tanto da regulación dos montes e aproveitamentos forestais en xeral (art. 27.10) como da “conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do dereito civil galego” (art. 27.4) o que supón, na súa opinión, a exclusión desta institución do dereito civil galego e por ende a proscripción da súa inclusión na Lei de dereito civil de Galicia, coa contradición do propio lexislador que, se por un lado reconece explicitamente na lei de 1989 o seu carácter privado, por outro non o inclúe no que sería a súa sede lóxica, isto é, a Lei de dereito civil de Galicia. Vid. “Los montes vecinales en mano común”, *Foro Galego* núm. 188, 1995, páx. 20. En todo caso, e como se indica a continuación, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia rexeita esta interpretación ó considerar que a materia de montes veciñais en man común constitúe e forma parte do dereito civil propio.

En todo caso, e respecto dos montes en man común, por remisión do artigo 14 da Lei 4/1995, obriga a referirse ó réxime xurídico desta institución contido na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e ó seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro (DOG do 23 de setembro), fundamentalmente dende a perspectiva dos problemas que xerou a súa aplicación práctica e das decisións adoptadas polos tribunais galegos, sempre sobre a base de que, como di a Sentencia do 20 de outubro de 1992, TSXG (RXG 1992, 393), e sen prexuízo de aspectos administrativos, nos encontramos ante unha institución propia do dereito civil de Galicia e nos litixios que sobre ela poidan xurdir na xurisdicción ordinaria cabe recurso de casación ante a sala do civil e penal de tal tribunal e non ante o Tribunal Supremo².

II.

A lexislación sobre montes en man común

Sinala Cores Trasmonte³ como dúas grandes tendencias lexislativas definen a institucionalización dos montes en man común. Nunha primeira etapa, a lexislación estatal descoñeceu a existencia xurídica desta institución polo que, en palabras de Raposo Arceo, inicialmente non existe unha regulación positiva dos montes veciñais en man común, ata o punto de que cabe afirmar que a lexislación non só non reconece a súa existencia senón que a súa subsistencia se verifica contra a expresa vontade

² Recorrida en casación unha sentenza recaída en materia de montes veciñais en man común, tras alegar causa de inadmisibilidade por entender que a cuestión debatida non era dereito civil galego, o TSXG rexeita a argumentación e sostén que "de ningunha das maneiras pode admitirse o argumento de parte consistente en considerar alleas ó noso dereito civil as materias que fóra do disposto no apartado 4 do artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia, teñen substancialidade propia na relación que efectúa o citado precepto. Pensar que só é dereito civil galego de maneira excluyente o que caía no ámbito do número 4, é unha interpretación tan restrictiva que non pode máis que rexeitarse de forma categórica por absurdamente reduccionista. O ámbito do dereito civil galego abarca non só as materias xenericamente enmarcadas no citado numeral, senón outras que con independencia da súa incidencia nelas do dereito administrativo, *ad exemplum* as augas que enumera o apartado 14 do repetido precepto, ou o réxime das fundacións recollidas no artigo 26, teñen esencialmente en canto se refire a cuestións sobre a súa titularidade, a condición de cuestións de dereito civil galego, independentemente de que estean recollidas na compilación ou en leis especiais. O número 4 é só unha formulación de tipo xenérico que non exclúe a existencia doutras materias de dereito civil na enumeración do artigo 27 do Estatuto, e entre elas encóntrase a dos montes veciñais en man común (número 11 da dita relación), que é precisamente unha das institucións de dereito civil máis xenuinamente galegas".

³ "As comunidades e a Lei 4/1995, de dereito civil de Galicia", en *Derecho Civil de Galicia (Comentarios á Lei 4/1995, do 24 de maio)*, Asociación Revista Xurídica Galega, Vigo, 1996, páx. 111.

lexislativa⁴. Nesta etapa os montes veciñais non se distinguen doutros montes nin doutros bens patrimoniais nin doutras comunidades rexidas pola lexislación contida nos artigos 392 e seguintes do Código civil, unha comunidade por cotas tendente á súa extinción mediante o exercicio da acción de división (art. 400), o que facilitou procesos de individualización e de fraccionamento con atribución de titularidades exclusivas das sucesivas parcelas creadas por divisións e segregacións ou atribucións de titularidade a entidades puramente administrativas.

Foi a xurisprudencia, que ó mante-la existencia no noso dereito da comunidade xermánica, recoñeceu a vixencia dunha institución específica como os montes veciñais en man común, de maneira que configurou a súa natureza xurídica e as garantías das que debían de estar rodeados, tanto fronte ás accións de división e de atribución individualizada dos veciños como fronte á invasión administrativa⁵. E así, como indica Cores Trasmonte⁶, desde a sentenza do 22 de decembro de 1926, na que se delimitaron os montes veciñais en man común como unha comunidade de dereito privado e non de dereito público, o Tribunal Supremo veu mantendo a súa subsistencia e a súa consideración de comunidade xermánica suxeita ó principio de indivisibilidade (sentencia, entre outras, do 28 de decembro de 1957 –*Arzdi* 1957, 3654–), en doutrina seguida e desenvolvida pola Audiencia Territorial da Coruña (sentencias do 10 de xullo de 1944, 22 de febreiro e 3 de xullo de 1945) nunha creación xurisprudencial entendida como a simple constatación e xuridificación dunha realidade preexistente con fundamento no dereito consuetudinario⁷.

A Lei de montes do 8 de xuño de 1957 recolleu por primeira vez no ámbito normativo a existencia dos montes veciñais en man común en Galicia, se ben vinculando a súa propiedade ós concellos e limitándose ó seu recoñecemento sen regula-la súa natureza nin o seu contido⁸, o que tampouco fixo o artigo 23 do regulamento aprobado por Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, que se limitaba a reproducir-la lei de 1957 tendo que esperar ata a Lei 147/1963, do 2 de decembro, sobre compilación do dereito civil de Galicia, para a súa definitiva consagración no ámbito lexislativo nunha regulación que, non por parcial e parca, non deixaba de conter-las perfis esenciais que configuran os montes en man común, salvo a súa desvinculación dos concellos. E así, segundo o artigo 88:

“Con independencia dos montes propios, comunais e dos particulares, regulados aqueles polas leis administrativas e estes polos preceptos do Código civil, son montes de veciños os

⁴ “Los montes vecinales en mano común... *cit.*”, páx. 13. Cita este autor a Real orde do 22 de maio de 1848, o artigo 1 da cal sinalaba que “a lexislación administrativa vixente non recoñece a diferenza que se pretende establecer entre montes do común dos pobos e os do común dos veciños”.

⁵ CORES TRASMONTE, “As comunidades e a Lei 4/1995, de dereito civil de Galicia... *cit.*”, páx. 111.

⁶ “As comunidades e a Lei 4/1995, de dereito civil de Galicia... *cit.*”, páx. 106.

⁷ RAPOSO ARCEO, “Los montes vecinales en mano común... *cit.*”, páx. 13.

⁸ Conforme ó art. 4, “a presente lei recoñece e regulará a existencia nas provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra de montes pertencentes en man común ós veciños das consuetudinarias demarcacións parroquiais, que serán vinculados ós concellos respectivos, que regularán o gozo dos seus aproveitamentos, de maneira que, sen prexuízo dos intereses materiais de cada municipio, reciban unha xusta parte os veciños con dereito a este”.

que pertencen en man común ós veciños da parroquia, vila ou núcleo de poboación que tradicionalmente veu gozando deles e que se van rexer polo disposto no artigo seguinte”.

Tal norma recoñecía a titularidade privada dos montes en man común como pertencentes directamente ós veciños e non ás entidades administrativas, pero, sen embargo, no parágrafo 1º do artigo 89 mantíñase unha certa administrativización cun control por parte dos concellos de toda a súa xestión e aproveitamento, podendo ser utilizados en beneficio destes e non exclusivamente dos seus titulares:

“Os montes veciñais están vinculados ós concellos respectivos, os cales regularán o seu gozo e aproveitamento de maneira que, sen prexuízo dos intereses xerais de cada municipio, reciban unha xusta participación os veciños, e sen que, baixo ningún pretexto, poidan verificarse alteracións en canto ós destinatarios do gozo deses montes”.

Por outra parte, nos seus parágrafos 3º e 4º considérase a forma de aproveitamento e os seus beneficiarios:

“Terán dereito ó seu gozo tódolos que teñan o carácter de veciños cabezas de familia da parroquia ou núcleo de poboación que tradicionalmente os posúe.

O aproveitamento será preferentemente en común. Non obstante, os concellos, se estimasen conveniente o cultivo agrícola, poderán distribuílos, temporalmente, en lotes ou parcelas, que se lles adxudicarán ás cabezas de familia por períodos de cinco anos de duración máxima, e farán a distribución en proporción directa ó número de familias e inversa á riqueza dos respectivos adxudicatarios”.

Por último, no parágrafo 2º do artigo 89 defínense por primeira vez no ámbito legal as características básicas dos montes veciñais en man común, como “indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables”, norma que, na súa aplicación práctica xerou numerosos conflitos, fundamentalmente na recuperación e clasificación como montes veciñais en man común de montes que con anterioridade foran parcelados e distribuídos entre os particulares como propiedade exclusiva, e en relación coa titularidade dominical que se acabaran atribuíndo os concellos.

Os artigos 88 e 89 da Compilación de Galicia foron expresamente derogados pola Lei de montes veciñais en man común 52/1968, do 27 de xullo, desenvolvida polo regulamento aprobado por Decreto 569/1970, do 26 de febreiro. Tal lei, aínda que supón un avance importante no recoñecemento do réxime xurídico específico desta forma de propiedade así como na concreción do seu contido, ó recoñece-la titularidade dos núcleos

veciñais, continúa mantendo a súa vinculación e control polos concellos nunha regulación que, como explica a súa exposición de motivos, aínda que lles outorga a tales núcleos a personalidade xurídica necesaria sen embargo permite compatibilizalo seu aproveitamento coas facultades recoñecidas á Administración, tanto polo que lles concerne á vinculación dos montes en man común ós concellos en que se encontren como nas atribucións que lle corresponden á Administración forestal do Estado, encamiñadas a garanti-la súa adecuada explotación.

A Lei do 27 de xullo de 1968 foi derogada pola vixente, no ámbito estatal, 55/1980, do 11 de novembro, precedente inmediato da lexislación galega, e na que definitivamente se consagra a súa titularidade privada (art. 1) desvinculada dos concellos e lle corresponde exclusivamente á comunidade propietaria a administración, gozo e disposición dos montes veciñais en man común (art. 5), polo que queda reducida a intervención administrativa local á posta en coñecemento do Ministerio Fiscal de calquera acto que atente ou poña en perigo a conservación ou a integridade do monte, para os efectos de que aquel exercite as accións civís e penais que sexan adecuadas para restablece-la situación xurídica correcta e persegui-los actos que a contradigan (art. 15), lei, a disposición adicional da cal expresamente fai excepción do que dispoñan os estatutos de autonomía nesta materia e se ben o Estatuto de autonomía de Galicia é posterior (LO 1/1981, do 6 de abril) no artigo 27.11 asumíronse as correspondentes competencias exclusivas en montes veciñais de man común, separadas das competencias xerais sobre montes e aproveitamentos forestais do art. 27.10 de desenvolvemento lexislativo da lexislación básica do Estado en materia de montes (arts. 148.1.8 e 149.1.23 da Constitución).

Baseándose en tales competencias dictouse a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o regulamento aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro sendo de resaltar, como indica Cores Trasmonte, que cando se publica a lei galega o proceso constitutivo, legalmente falando, dos montes veciñais en man común estaba na súa fase máis desenvolvida⁹ de maneira que a Lei 13/1989, o que fixo esencialmente, con moi poucas variacións, foi adecuar á Comunidade Autónoma de Galicia a institución xa recoñecida e regulada na Lei estatal 55/1980, do 11 de novembro o que, e sen prexuízo de que a lexislación galega é de aplicación preferente a calquera outra (disposición final 2ª da Lei 13/1989), haberá de terse en conta para resolver algunhas dúbidas interpretativas que xorden na aplicación da lei galega.

⁹ "As comunidades e a Lei 4/1995, de dereito civil de Galicia... cit.", páx. 115.

A Lei 13/1989, do 10 de outubro, sobre montes veciñais en man común

1. Concepto e titularidade do monte veciñal en man común: a condición de veciño

Segundo o artigo 1 da Lei 13/1989 "son montes en man común e rexeranse por esta lei os que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades productivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños" montes que, como aclara o artigo 1 do regulamento, deberán estar radicados dentro da Comunidade Autónoma de Galicia¹⁰.

A redacción deste artigo 1, que reproduce o art. 14 da Lei 4/1995, é case idéntica á do artigo 1 da Lei estatal 55/1980, se ben a lei galega aclara expresamente, sen dúbida ningunha ante a existencia de aproveitamentos non forestais dalgúns montes veciñais, que a cualificación dun monte veciñal é independente non só da súa orixe senón tamén do seu destino que pode ser agrario ou gandeiro (art. 22.1) o que, por outra parte, tamén prevía expresamente a disposición final 5ª da Lei 55/1980¹¹.

Como indica Raposo Arceo¹² a caracterización dun monte como veciñal vén determinada por dous parámetros básicos: a titularidade colectiva e aproveitamentos consuetudinarios¹³, entendidos estes últimos como un aproveitamento material, efectivo do monte e ó tempo consuetudinario¹⁴, de modo que satisfaga as necesidades do titular mediante a obtención de rendementos que non han de ser necesariamente forestais, senón que poden ser agrarios, gandeiros, etc., e sen que obste ó cumprimento de tal requisito unha certa intervención sobre o monte por parte das entidades municipais (*vid.*, Sentencia do 18 de maio de 1990, TS, Sala 3ª, -*Arzdi.* 1990, 3821-).

¹² "Los montes vecinales en mano común... *cit.*", páx. 21.

¹³ En igual sentido *vid.*, a sentencia do 9 de marzo de 1993, TS, Sala 3ª (*Arzdi.* 1993, 1628) que afirma que dúas son as notas características dos montes veciñais en man común: o aproveitamento consuetudinario dun monte ou parte del en man común ou comunidade sen atribución de cotas, e a atribución da titularidade dese aproveitamento ós veciños integrantes dun grupo social fáctico, determinado independentemente da súa cualificación ou non, como entidade municipal ou administrativa.

¹⁴ Sobre a significación e carácter do aproveitamento *vid.*, a Sentencia do 30 de novembro de 1991, A. P. Pontevedra, sección 1ª (*RXG* 1992, 52).

¹⁰ Sobre as orixes dos montes veciñais en man común *vid.*, GARCÍA CARIDAD, "Comentarios a los arts. 88 y 89", en *Comentarios al Código Civil y Compilaciones Forales*, dirixidos por Manuel Albaladejo, T. XXXII. Compilación de Galicia, Xaén, 1979, páx. 212 e segs. Sinala a sentencia de 30 do novembro de 1991, A. P. Pontevedra, Sección 1ª (*RXG* 1992, 52) como ademais do factor puramente temporal de inmemorial uso dos montes en aproveitamento común, se sitúa tamén a orixe dos montes veciñais, nalgúns casos, nunha especial procedencia foral, por redención do foro que permitiu que consolidados polos foratarios o dominio directo e útil dos montes ou leiras que singularmente viñeran posuindo, pasando a un réxime de comunidade que pasou logo a trastocalo seu réxime e status xurídico en virtude dunha simple mutación da situación de feito ó longo do tempo, de maneira que a pertenza viñese definida polo gozo dos veciños con casa aberta; noutros casos a orixe parece situarse nas adquisicións feitas ó Estado por particulares con ocasión das leis amortizadoras, despois alleadas ós veciños que inauguran a partir dese momento un aproveitamento común.

¹¹ "O destino agrícola ou gandeiro non é obstáculo para a conceptualización como montes veciñais, en man común, dos terreos que reúnan as características previstas nesta lei".

Polo que respecta ó termo titularidade colectiva, malia a súa aparente claridade, ó meu modo de ver, non identifica necesariamente un monte en man común pois, sen entrar na cuestión da apropiación individual dos montes polos particulares, é certo que en Galicia, como xa recoñecía o artigo 88 da Compilación de 1963, existen montes de titularidade colectiva e aproveitados en réxime de comunidade que non son en man común senón simple copropiedade romana entre particulares que coinciden en ser veciños dunha parroquia ou lugar. Diferéncianse dos montes en man común en que estes sempre pertencen non tanto a un grupo de veciños, o que pode existir en ámbolos casos, senón, como di o artigo 1 da lei, conforman "un grupo social" e, fundamentalmente, o aproveitamento realízase sen asignación de cotas.

Tal e como recorda a Sentencia do 6 de novembro de 1996, A.P. Ourense (*Arzdi. Civ.* 1996, 2097), o artigo 3 da Lei 13/1989, seguindo a doutrina sentada polos tribunais civís da Comunidade Autónoma de Galicia, recoñece expresamente que a titularidade dos montes veciñais en man común é de natureza xurídico-privada, e que a mesma, así como o aproveitamento, pertence "á agrupación veciñal na súa calidade de grupo social" (art. 1 da lei e 2 do regulamento) que estará integrada, segundo o artigo 3.1, "polo conxunto de veciños titulares de unidades económicas, con casa aberta e residencia habitual nas entidades de poboación ás que tradicionalmente estivese adscrito o seu aproveitamento, e que veñan exercendo, segundo os usos e costumes da comunidade, algunha actividade relacionada con aqueles", tendo en conta que, conforme ó artigo 3.2, a comunidade veciñal "se entenderá composta polos veciños que a integran en cada momento".

Iso supón, por unha parte, que aínda que frecuentemente os montes veciñais son montes parroquiais non sempre necesariamente é así, pois o artigo 1 fala de "agrupación veciñal na súa calidade de grupo social" de maneira que xunto ós montes veciñais pertencentes como titulares a varias parroquias, figura distinta da mancomunidade de comunidades de veciños a que se refire o artigo 15.3 da lei, como afirma a Sentencia do 30 de novembro de 1991, A.P. Pontevedra, Sección 1ª (*RXG* 1992, 52)¹⁵, existen os montes de lugar, tal e como xa recollía o artigo 88 da Compilación de 1968 ó falar de "parroquia, pobo ou núcleo de poboación"¹⁶.

Por outra parte, a composición da comunidade veciñal propietaria do monte, e os veciños con dereito a participar no seu aproveitamento e rendementos económicos, é variable, de ma-

¹⁵ Esta sentenza considera que non pode facerse cuestión "da posibilidade de que poida atribuírse a titularidade dun monte veciñal en man común a favor dun lugar determinado, diferencialmente da parroquia á que pertenza aquel, pois aínda sendo a parroquia unidade xeográfica social e cultural ben delimitada que facilita e canaliza a Administración municipal, non existe inconveniente legal ningún para admitir montes de lugar, xa que a terminoloxía das disposicións legais así o pon de manifesto, dende a específica referencia da Lei do 27 de xullo de 1968 e Regulamento do 26 de febreiro de 1970, ás fórmulas actuais de sentido xeral ("agrupacións veciñais") da Lei do 11 de novembro de 1980 e a autonómica do 10 de outubro de 1989". Segue o mesmo criterio a Sentencia do 21 de outubro de 1994, A.P. Pontevedra, sección 3ª (*RXG* 1994, 210). De tódalas maneiras é de resaltar que, sen embargo, ámbalas sentencias nos supostos axuizados rexeitan que nos encontremos ante montes de lugar senón parroquiais, e non é transcendente que uns veciños dun lugar determinado aproveiten con máis intensidade o monte por razóns puramente de proximidade xeográfica así é destacable que se reproduza o conflito sobre a cualificación do monte veciñal en man común non fronte a estraños ou concellos, senón entre os propios veciños da parroquia que intentan excluí-lo maior número deles dos requisitos esixidos pola lei, sen dúbida pola importancia económica e os beneficios que se obteñen da súa explotación.

¹⁶ *Vid.* a Sentencia do 21 de xaneiro de 1989, sala 5ª (*Arzdi.* 1989, 407). Por iso, ó meu modo de ver, é máis preciso o ar-

tigo 4 do regulamento ó especificar expresamente a condición de veciño comuneiro como "aquelas persoas titulares de unidades económicas que residen habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte, conforme ás situacións consuetudinarias que viñan existindo entre os seus compoñentes".

¹⁷ Expresamente o recolle o artigo 4 do regulamento con referencia a "aquelas persoas que alcancen a citada condición [de veciño] no sucesivo".

¹⁸ Tal era o criterio expreso do artigo 89 da Compilación de 1963 ó dicir que "terán dereito ó seu gozo tódolos que teñan o carácter de veciños cabezas de familia da parroquia ou núcleo de poboación que tradicionalmente os posuísen". É de resaltar neste punto a maior precisión do artigo 7 da Lei estatal 55/1980, que deixa máis claro, que a integración na comunidade veciñal se produce a través da "casa" e non como dereito propio: "Os estatutos regularán quen ha de representar a cada "casa aberta con fumes" en todo o concernente ó monte, así como a forma de acreditar esa representación". Neste sentido o artigo 39 do regulamento da Lei galega é o que aclara a designación do representante polos membros de cada "caza aberta".

¹⁹ *Id.*, Sentencia do 22 de decembro de 1992, TSXG (RXG 1993, 9) sobre o dereito a ser considerado membro da comunidade veciñal por dereito propio, unha vez alcanzada a independencia económica e a diferencia coa existencia dunha compañía familiar galega.

neira que a perda da condición de veciño supón tamén a separación da comunidade mentres que o dereito ó aproveitamento xorde mediante a adquisición da dita condición¹⁷. Ademais, non tódolos veciños que conforman a agrupación veciñal forman parte da comunidade titular do monte a título individual, senón soamente "os titulares de unidades económicas", o que ha de identificarse co cabeza de familia (el ou ela) do grupo familiar no que os veciños se integran¹⁸ de maneira que os membros do grupo familiar, dependentes economicamente del, non pertencen á comunidade veciñal por dereito propio e como copartícipes senón cando alcanzan a independencia e se establecen como veciños¹⁹, cos requisitos esixidos no propio artigo 3 o que, por outra parte, presenta algunha dúbida de interpretación respecto de quen é "veciño" para os efectos de formar parte da comunidade do monte en man común.

En principio, e ó corresponderlle á comunidade veciñal a aprobación dos seus estatutos (art. 16), que deberán conter, como mínimo, a atribución da condición de comuneiro e as condicións de admisión de novos comuneiros, parece que a ela lle corresponde a determinación dos requisitos que se teñen que reunir para acceder ou exercer-la condición de veciño e integrarse na comunidade. Sen embargo, o artigo 16.1 a) establece expresamente que a atribución da condición de comuneiro deberá realizarse conforme ó disposto no artigo 3.1 da lei, de maneira que a comunidade veciñal, tal e como resolve a Sentencia do 6 de xuño de 1995, TSXG (RXG 1995, 126), non ten autonomía absoluta para atribuír ou denegar-la condición de comuneiro fóra do marco do artigo 3.1²⁰ e, neste sentido, o concepto xurídico de veciño, en canto titular dunha unidade económica, parece claro que non se corresponde nin coa veciñanza civil ad-

²⁰ "Se é certo que a Asemblea é o órgano soberano da comunidade -di a mencionada sentenza do 6 de xuño de 1995- e que entre as súas facultades se encontran as de redacción e aprobación dos estatutos, nos que por lei (apartado a) parágrafo 1 do artigo 16 da Lei de montes en man común) debe constar-la atribución da condición de comuneiro, conforme co disposto no artigo 3.1, e en cumprimento de tal mandato os estatutos da comunidade do monte sinalan a Xunta Xeral como órgano encargado de decidi-la perda total ou parcial de dereito por parte dalgún dos comuneiros, non é menos certo que a atribución ou perda de tal condición ou dereito non pode quedar ó simple arbitrio da maioría da Asemblea sen máis, como se pretende, senón que o acordo ten que ser fundado en causas legais ou estatutarias e decidido coas garantías suficientes, de maneira que non se infrinxa o disposto no artigo 3.1 da lei". Por iso, para a validez dos acordos sociais polos que se conveña a perda da condición de comuneiro a sentenza conclúe que "cando menos, deben tales acordos sociais establecerse sobre a base da perda dalgunha das circunstancias sinaladas no artigo 3.1 da lei: veciño titular dunha unidade económica, con casa aberta e residencia habitual na poboación á que estivese adscrito o aproveitamento do monte, e exercese algunha actividade, segundo o uso ou costume, relacionada con el".

quirida cos requisitos do artigo 14 CC nin tan sequera cunha veciñanza administrativa²¹ senón, como indica Cores Trasmonte²², cunha "veciñanza fáctica", sen outra consideración de tipo formal que constituír "residencia habitual" como di o artigo 3.1 da Lei 13/1989 para o que, e o mesmo có domicilio do artigo 40 CC, non se esixe pola lei un mínimo de tempo de vinculación co lugar senón só fixar nel, con vocación de permanencia, o centro de tódalas actividades persoais e familiares, o que implica a tradicional expresión de ter "casa aberta e con fume" que recupera o artigo 14 da Lei 4/1995, é dicir, vivir realmente na comunidade titular do monte, concepto aínda así indefinido pero que permite perfectamente, e como indica García Caridad, atribuírle a condición de veciño sen prexuízo de non ser propietario das terras ou da casa na que vive²³ e, pola súa vez, excluír da comunidade veciñal non só os supostos de segunda vivenda, senón os simples residentes ou empadroados.

Por outra parte, ó meu modo de ver, non basta con ter "casa aberta e con fumes" para integrarse na comunidade veciñal pois o artigo 3.1 da Lei 13/1989, a diferenza do artigo 1 da Lei estatal 55/1980, esixe que os titulares de unidades económicas "veñan exercendo, segundo os usos e costumes da comunidade, algunhas actividades relacionadas con aqueles" o que implica que aínda que tal esixencia non se identifique coa condición dunha actividade agraria exclusiva nin coa condición de profesional da agricultura²⁴, se polo menos ha de desenvolverse unha actividade en relación co aproveitamento do monte, e non calquera actividade senón algunha das que corresponda co aproveitamento tradicional deste segundo os usos e costumes da comunidade, requisitos todos eles que, aínda que aparentemente restrictivos, non teñen outra finalidade que, dado o desenvolvemento actual da vida rural en Galicia, evitar a irrogación de dereitos e a integración na comunidade veciñal coa participación nos seus beneficios económicos xeralmente relacionados coa corta e coa venda de madeira, por parte dos que, aínda tendo residencia habitual e domicilio familiar no lugar ou parroquia, sen embargo non exercen ningunha actividade agraria ou gandeira²⁵.

Por último, dentro do respecto ós criterios básicos establecidos pola lei e o regulamento, a comunidade veciñal a través dos seus estatutos (art. 16) pode perfilar e matizar en cada caso os requisitos esixidos para adquirirla condición de veciño, pero sen poder prescindir da necesidade de ter a residencia habitual dentro do núcleo de poboación titular do monte. A Sentencia do 16 de xaneiro de 1995, A.P. Lugo (RXG 1995, 2) considera

²¹ De acordo co art. 53.4 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, "son veciños os españois maiores de idade que residan habitualmente no municipio e figuren inscritos con tal carácter no padrón".

²² "A condición política de galego", en *Estudios sobre o Estatuto galego*, Santiago, 1991, páxs. 141 e segs.

²³ "Comentarios ós arts. 88 y 89... cit.", páx. 223.

²⁴ En sentido contrario parece pronunciarse MOURE MARINO, "Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia, Comentario ó título III: Dereitos reais", en *dereito civil de Galicia (Comentarios á Lei 4/1995, do 24 de maio)*, Asociación Revista Xurídica Galega, Vigo, 1996, páx. 132. Segundo o art. 2.5 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, é profesional da agricultura a persoa física que sendo titular dunha explotación agraria, polo menos, o 50% da súa renda total a obteña de actividades agrarias ou doutras actividades complementarias, sempre e cando a parte procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación non sexa inferior ó 25% da súa renda total e o tempo de traballo dedicado ás actividades agrarias ou complementarias sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.

²⁵ Para RAPOSO ARCEO, "Los montes vecinales en mano común... cit.", páxs. 22-23, ante a pregunta de se é necesaria a profesionalidade agraria do titular do monte considera que a resposta debe ser negativa, pola participación consuetudinaria de persoas pertencentes a profesións alleas ó dito ámbito nos mesmos. Apóiase no rexeitamento da emenda do grupo par-

lamentario comunista na tramitación da Lei 55/1980, que propoñía engadirlle ó seu art. 1, cando alude á condición de veciños, a expresión "que se dediquen de forma directa á actividade agraria". De tódalas maneiras o propio autor recoñece que a referencia que se fai no art. 3.2 da Lei 13/1989 a que os veciños dos montes veñan realizando "...algunha actividade relacionada con eles" parece suscitar dúbidas á desvinculación realizada pola Lei 55/1980.

²⁶ No caso resolto pola citada Sentencia do 16 de xaneiro de 1995, A.P. Lugo, os estatutos da comunidade veciñal establecían que a condición de veciño viría determinada polo feito de ter casa aberta no lugar, con residencia mínima de tres anos, realizando no lugar os actos fundamentais da vida, e con permanencia mínima de dez meses cada ano, aínda que cabe a posibilidade de que, sendo residente, desenvolva o seu traballo fóra da parroquia. Neste suposto é requisito a realización dos actos fundamentais da vida no lugar, norma que a sentenza considera plenamente axustada á lei e ó regulamento, non así á reforma estatutaria que permitía escusarlle o requisito da residencia, polo período dun ano prorrogable ata catro, ó comuneiro que por razóns xustificadas de traballo, enfermidade ou causa maior se tivese que ausentar do seu domicilio habitual. Nos montes en man común existe unha comunidade veciñal que é a propietaria do monte "pero esa comunidade -di a sentenza- non existe, como ocorre nas comunidades de bens, polo simple feito de que varias persoas sexan conxuntamente propietarias da mesma cousa, con independencia do lugar en que habitan ou das relacións que entre si manteñan, senón que, ademais da identidade do obxecto, o monte, ten que

nulo calquera acordo que en tal sentido poida adoptar-la Asemblea Xeral e é discutible, se cabe, esixir un mínimo de anos de residencia aínda que a lei non o estableza²⁶.

2. A protección dos montes en man común: a súa inalienabilidade e excepcións

Existe unha certa unanimidade, tanto no ámbito doutrinal como xurisprudencial en cualifica-los montes veciñais en man común como unha comunidade xermánica, na que, como di o RDGRN do 8 de xullo de 1993, os copropietarios forman unha colectividade á que pertencen a cousa ou dereito, sen que lle corresponda, a ningún dos que a integran, unha cota ideal ou real sobre aquela. Neste sentido, os artigos 1 e 3.1 da Lei 13/1989, recordan que os montes en man común son de natureza privada e colectiva resalta que sempre se trata dunha comunidade "sen asignación de cotas" o que supón, como indica Raposo Arceo, a inalienabilidade dos dereitos que lles corresponden ós comuneiros, o que determina a súa intransmisibilidade de modo que á morte do titular a súa parte non pasa ós herdeiros senón que acrecenta os copartícipes²⁷ e, sobre todo, a inexistencia da acción de división; de maneira que, como di o artigo 2, os montes en man común son bens sempre indivisibles de dereito pero tamén de feito, no sentido de que a Lei 13/1989, no seu artigo 22, aínda que permite a parcelación do monte para o seu aproveitamento individual polos copartícipes para usos gandeiros ou agrícolas, en todo caso só poida afectar a parte do mesmo, por un período máximo de 11 anos e sempre con rotación sen que ningún comuneiro poida volver aproveitar individualmente a mesma parcela aproveitada en exclusiva no período anterior.

Por outra parte, e sen prexuízo das funcións encomendadas nos artigos 25 e seguintes á Consellería de Agricultura de protección dos montes veciñais en man común, a propia Lei 13/1989, no seu artigo 2 decláraos, os propios montes, inalienables, imprescritibles e inembargables.

haber unha pluralidade de persoas que teñan unha condición especial, a de ter casa aberta e residencia habitual nas entidades de poboación nas que tradicionalmente está adscrito o seu aproveitamento, coa inevitable consecuencia de que se alguén non reside alí, carece radicalmente da posibilidade de ser membro da comunidade de veciños pois só un veciño, é dicir, un residente, está na situación que xustifica a súa pertenza á comunidade, e así está esixido inmediata e inexorablemente pola natureza desta clase de propiedade". Esta sentenza foi confirmada pola do 28 de marzo de 1996, TSXG (RXG 1996, 42) que, non obstante, afirma, en contra do sustentado pola Audiencia, que fixar un prazo de tres anos de residencia como mínimo para alcanzar-la condición de veciño é nula por desmesurada e contraria á lei.

²⁷ "Los montes vecinales en mano común..." *cit.*, páx. 24.

A inalienabilidade do monte supón que non pode ser alleado nin gravado, nin voluntariamente nin como consecuencia dun procedemento de execución forzosa, para o que se limita tal posibilidade no artigo 21 só ós aproveitamentos, en tal caso a execución só se poderá dirixir contra os aproveitamentos ou rendas que se puidesen derivar da súa cesión efectuada nos termos previstos na lei. Agora ben, a Lei galega, seguindo o modelo da Lei estatal 55/1980, aínda que con algunhas diferencias, configura importantes excepcións.

A) No artigo 8 permíttese, cando razóns de utilidade ou de interese social da comunidade propietaria o aconsellen, que esta, dando conta ó Xurado Provincial de Clasificación, poida permutar terreos integrantes do monte por outros terreos limítrofes que sexan de valor similar, o que non constitúe senón un acto de alleamento. Non parece que a necesidade de comunicación ó Xurado Provincial de Clasificación implique a necesidade da súa autorización, sen prexuízo da eventual intervención da Consellería de Agricultura dentro das súas funcións atribuídas polo artigo 25 da lei de velar pola integridade do monte veciñal²⁸ e, en todo caso, o alleamento só pode ser parcial (“... permutar terreos integrantes dos montes veciñais en man común”) ó non esixirse no artigo 8, a diferenza do artigo 2.2 da Lei estatal 55/1980, que a permuta sexa con terreos integrados noutro monte veciñal lindante, nin sequera que teña que ser monte, sendo suficiente que sexan limítrofes e de valor similar sen prexuízo de que, salvo que se pretendese abrir unha vía de fraude á inalienabilidade do artigo 2, deba sosterse que como mínimo os terreos permutados terán que ser de natureza rústica, aptos para o seu aproveitamento agrícola ou gandeiro. Como a permuta constitúe un acto de disposición, aínda que o artigo 8 non o especifique como para outros actos se fai no artigo 5, requirírase o acordo da Asemblea Xeral nos termos esixidos no artigo 18.1.

B) Segundo o artigo 5, os montes en man común, a pesar da inalienabilidade, poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, tralo informe da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes (art. 5 do regulamento) para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servicios ou outros fins que redunden de modo principal en beneficio directo da comunidade de veciños sempre que de tal cesión, engade o artigo 5 do regulamento, se derive un ben público ou social ou que redunde de modo principal en beneficio dos veciños. Non se sinala na Lei 13/1989, un prazo máximo para a cesión nin a forma en que esta pode producirse, se

²⁸ Neste sentido o artigo 9.1 do regulamento considera que o establecemento das permutas esixirá o informe favorable da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes sobre a similitude do valor dos terreos permutados e a proximidade dos terreos que se vaian permutar.

a través da constitución dun dereito real limitado de uso e gozo ou soamente a través dun vínculo obrigacional. En principio a constitución dun dereito real, como usufructo temporal "para explotacións de diversa índole" chocaría coa imposibilidade de grava-lo monte en man común pero xustamente o artigo 5 constitúe unha excepción á regra xeral do artigo 2 e sen que, por outra parte e ó meu modo de ver, sexa argumento en contra que o artigo 7 regule como único dereito real posible o dereito de superficie temporal, pois os artigos 5 e 7 móvense en ámbitos diferentes: aquel para actuacións que redunden sempre en beneficio principal e directo da comunidade, o que non exclúe o beneficio do cesionario pero secundario, este en beneficio do superficiario, sen prexuízo da contraprestación a favor da comunidade.

En canto ó tempo da duración da cesión, o artigo 5 establece que, como regra xeral, ha de ser temporal, e xorde como posible a dúbida, na lei, de se é aplicable o prazo máximo de 30 anos establecido para o dereito de superficie no art. 7. A resposta pode ser negativa, pois, como se dixo, a cesión é neste caso en beneficio da comunidade e iso sen prexuízo de entender que, en todo caso, a duración da cesión non pode alcanzar prazos que, atendida a súa finalidade e circunstancias concretas, poidan considerarse unha fraude ó artigo 2 de maneira que non caben as cesións que de feito se convertan en definitivas ou indefinidas. Sen embargo, o artigo 5 do regulamento establece expresamente que a cesión non poderá establecerse por un prazo superior ós 30 anos se é en favor de particulares, salvo se a cesión se produce a través dun contrato de arrendamento total ou parcial do monte, en tal caso, segundo establece o artigo 10 do regulamento, a duración da cesión será a pactada entre as partes, prorrogable por mutuo acordo entre a comunidade veciñal e o arrendatario pero sen que o período contractual e as súas prórrogas voluntarias poidan ser superiores ó de 11 anos quedando en propiedade da comunidade, ó remate do contrato, tódalas melloras e instalacións que se poidan derivar do arrendamento sen compensación ningunha para o arrendatario²⁹.

Por último, tanto a lei como o regulamento, admiten, en excepción que non existe no artigo 3.1 da Lei estatal 55/1980, a cesión temporal pero indefinida realizada en favor de calquera das administracións públicas cando sexa destinada a equipamentos en beneficio da comunidade veciñal, e en tanto se mantén o fin para o que se fixo a cesión.

En todo caso a cesión prevista no artigo 5 deberá realizala a Asemblea Xeral para o que se require convocatoria expresa e o

²⁹ Segundo o artigo 10.1 do regulamento os arrendamentos dos montes en man común quedarán sometidos ás disposicións do Código civil e, polo tanto, excluídos da Lei 83/1980, do 31 de decembro, de arrendamentos rústicos. Sen embargo, dada a actual regulación nos artigos 35 e seguintes da Lei 4/1995 dos arrendamentos rústicos, entre os que se encontran as leiras rústicas "no seu destino agrícola, pecuario ou forestal", cabería entender que a remisión á lexislación estatal, producida nun momento de inexistencia de lexislación propia, actualmente debe interpretarse á Lei 4/1995.

voto favorable da maioría dos presentes que represente polo menos o 50% do censo de comuneiros en primeira convocatoria e o 30% na segunda (art. 18.1).

c) De acordo co artigo 7.1 da Lei 13/1989, a comunidade de propietarios poderá establecer dereitos de superficie sobre o monte en man común, na súa totalidade ou só nunha parte ou partes³⁰. Nada se especifica sobre quen debe adoptalo acordo nin a maioría necesaria para establecer un dereito de superficie sobre o monte veciñal pero, na miña opinión, aínda que non sexa estrictamente falando un acto de disposición, parece que é de aplicación o artigo 18.1 tanto porque o dereito de superficie se pode cualificar para estes efectos de gravame como, sobre todo, por aplicación analóxica do establecido nos artigos 5 e 6.2 que someten ás prescricións do artigo 18.1 aqueles actos que supoñen unha excepción ó principio xeral de imposibilidade de alleamento e gravame dos montes veciñais en man común.

O dereito de superficie deberá formalizarse, segundo o artigo 7.2, con carácter constitutivo, en escritura pública e inscribirse no Rexistro da Propiedade o que supón o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 16 RH, isto é:

1. O prazo de duración do dereito de superficie, en que se ben o artigo 3.3 da Lei estatal 55/1980 non distingue entre diversos supostos establece un prazo máximo xeral de 30 anos. O artigo 7.1 da Lei 13/1989 considera tres tipos de dereitos de superficie atendendo á súa finalidade:

- Os destinados a instalacións ou edificacións, ata un prazo máximo de 30 anos.
- Os destinados a cultivos agrícolas, ata un prazo máximo de 10 anos, sendo necesario para concertalo, segundo o artigo 8.1 b) do regulamento, autorización da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural cando supoña cambio de masa forestal a produción agraria.
- No caso de aproveitamentos forestais de arborizado non se poderá establecer por prazos superiores ós correspondentes a unha única quenda da especie plantada nin para outra clase de aproveitamento que o da corta do arborizado plantado. O artigo 10.1 c) do regulamento esixe que necesariamente terá que fixarse o número de anos máximo, no que se deberá proceder á corta do arborizado.

Antes de caducar o prazo para o que foi establecido, a comunidade veciñal e o superficiario poderán prorrogalo dereito sen supera-los límites temporais citados (art. 10.4 do regulamento) e a súa extinción, tal e como establece o artigo 7.1 da lei, a propiedade de todo o edificado ou plantado pasará á co-

³⁰ Conforme ó artigo 7.3 "se o dereito de superficie afectase só a unha parte do monte veciñal, deberase practicala correspondente delimitación para os efectos de inscrición daquel dereito".

munidade sen indemnización ningunha e sen que, ó meu modo de ver, poida pactarse nada en contra nin en canto a establecer ningún tipo de indemnización nin unha reversión parcial.

2. Determinación do canon ou do prezo que teña que satisfacer o superficiario, se o dereito se constitúe a título oneroso. Nada específica o artigo 7.1 da lei nin o artigo 10 do regulamento sobre este extremo, co cal pode formularse, se cabe, a constitución do dereito de superficie sobre un monte en man común a título gratuito. Unha resposta positiva podería sustentarse na aplicación analóxica do establecido no artigo 5, que permite a cesión a título oneroso ou gratuito. Sen embargo, ó meu modo de ver, a posibilidade de cesión a título gratuito fundaméntase no artigo 5 en que tal cesión sempre redunde de maneira principal en beneficio directo da comunidade, o que non sucede no artigo 7, que o é en beneficio de terceiro, aínda que poida ser un propio comuneiro, e por iso parece que a constitución do dereito de superficie haberá de ser a título oneroso tal e como se configura no artigo 3.5 da Lei estatal 55/1980.

3. No caso do dereito de superficie constituído para edificacións, o prazo sinalado para a realización destas non poderá exceder de 5 anos; as súas características xerais, destino e custo do orzamento.

4. Pactos relativos ós actos de disposición polo superficiario. Segundo o artigo 7.2 da lei, o dereito de superficie será transmisible e susceptible de gravame sen prexuízo de que tal disposición legal non se configure por dereito imperativo, polo que haberá que estar ó disposto na escritura de constitución. En todo caso, a extinción do dereito de superficie, por transcurso do prazo, implicará a de toda clase de dereitos reais ou persoais impostos polo superficiario (art. 8.4 do regulamento) salvo que a extinción se produza por reunirse na comunidade veciñal o dereito de propiedade do solo e o dereito de superficie. En tal caso as cargas que recaesen sobre un e outro dereito continuarán gravándoos separadamente (art. 8.5 do regulamento).

5. No seu caso, as garantías de carácter real con que se asegure o cumprimento dos pactos do contrato.

Segundo o artigo 7.2, dentro dos límites impostos pola lei, o dereito de superficie rexeráse polo disposto no título constitutivo do dereito e, subsidiariamente, polas normas de dereito privado.

D) O artigo 6.1 da lei considera a expropiación forzosa do monte e a imposición de servidumes sobre o monte en man común por causa de utilidade pública ou de interese social prevalente

ó dos propios montes veciñais³¹, en tal caso, segundo o artigo 6.2, o importe das cantidades aboadas pola expropiación ou servidume deberá destinarse á mellora do monte ou ó establecemento de obras ou servicios de interese xeral para a comunidade de veciños propietarios e, se iso non é posible, sen que na Lei estatal 55/1980 se considere tal alternativa, repartirase entre os comuneiros, de acordo co previsto nos estatutos ou, no seu defecto, acorde a maioría prevista no artigo 18.1.

E) Segundo o artigo 11 do regulamento, en determinados supostos, o monte pode ser sometido a concentración parcelaria co que iso implica de acto de disposición, pero especificando que, en todo caso, á finalización do expediente, se deberá respecta-la superficie total inicial e a capacidade productiva do monte.

Por último, o artigo 58 do Regulamento impón que tódolos actos de cesión ou disposición se formalicen sempre en escritura pública, para o que é preciso remitirle a mesma ó Rexistro Provincial de Montes en Man Común xunto coas correspondentes licencias de obra dos concesionarios, arrendatarios ou titulares de dereitos de superficie.

3. A imprescritibilidade dos montes en man común: os problemas de dereito transitorio

O artigo 2 declara os montes en man común como imprescritibles nunha clara medida de protección destes³², o que implica que os particulares non poden adquiri-los montes en man común, nin en todo nin en parte, a través da prescrición adquisitiva e cabe a dúbida de se só se impide esta forma de adquisición por usucapión, en último termo implícita en toda transmisión do dominio se se analiza a titularidade do transmitente, ou se tamén comprende e afecta ó terceiro hipotecario amparado polo artigo 34 LH e ás adquisicións *a non domino*, cuestión directamente relacionada coa clasificación do monte e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade sobre a que se volverá posteriormente, se ben pode xa indicarse que a Lei 13/1989 garda silencio sobre este punto mentres que o artigo 12 da Lei estatal 55/1980 establece que "non será obstáculo para a clasificación dos montes como veciñais en man común a circunstancia de atoparse incluídos en catálogos, inventarios ou rexistros públicos con asignación de diferente titularidade, salvo que os asentos se practicasen en virtude de sentenza dictada en xuízo declarativo", norma que se reproduce no artigo 27 do regulamento galego, polo que excepcióna exclusivamente os supostos en que a inscrición se practicasen en virtude de sentenza que

³¹ Sobre a expropiación forzosa *vid.*, artigo 6 do regulamento e sobre as servidumes artigo 7 do mesmo. É de resaltar como no artigo 6.1 da lei para a imposición de servidumes require a concorrencia dunha causa de utilidade pública ou de interese social prevalente ó dos propios montes veciñais para que sexa posible a súa imposición de maneira que, ante tales circunstancias extraordinarias, se concibe como unha excepción á norma xeral de imposibilidade de grava-lo monte e si só os seus rendementos (art. 21.3 da lei). Sen embargo, o artigo 7 do regulamento parece admiti-la imposición de servidumes sempre "que se acredite a súa compatibilidade co fin e a utilidade pública que cualifica o monte". Por outra parte, o mesmo artigo 7 do regulamento considera unha figura adicional, a "ocupación do monte", para o que se require imprescindiblemente o consentimento da comunidade veciñal.

³² Sinala CORES TRASMONTE, "As comunidades e a Lei 4/1995, de dereito civil de Galicia... *cit.*", páxs. 116-117, como a imprescritibilidade, se ben se predica como un privilexio dos bens de dominio público, de maneira que no perden a súa natureza pola atribución particular que se faga deles sen a necesaria desafectación, esténdese tamén a outros bens de natureza privada como os montes veciñais en man común á vista do recoñecemento das súas funcións sociais e do interese público que representan.

³³ Non obstante esta sentenza desestima a demanda interposta pola comunidade veciñal contra un comuneiro que viña aproveitando en exclusiva, antes da clasificación do monte, parte do mesmo, pois declarando que en ningún caso adquiriu un dereito a un aproveitamento exclusivo por impedi-lo a idea básica de igualdade de tódolos comuneiros na comunidade veciñal, sen embargo aprecia a existencia de litisconsorcio pasivo necesario respecto doutros comuneiros que se encontraban na mesma situación e que non foran demandados, tamén con base no principio de igualdade ó non ser defendible que, privado do aproveitamento exclusivo, el mesmo tivese que demandar posteriormente os outros ó non facelo xa a comunidade veciñal. *Vid.*, o comentario a esta sentenza de RAPOSO PÉREZ, en *RXG* 1995, núm. 10, páxs. 213 e segs. quen, con acerto, critica o razoamento da sentenza con base na doutrina xurisprudencial de que o principio de igualdade o é na lei e na aplicación da lei, pero non fóra dela. Esta sentenza foi casada pola do 2 de xaneiro de 1996 TSXG (*RXG* 1996, 1) que estima a demanda entendendo que non existe litisconsorcio pasivo necesario cos demais comuneiros infractores e que o restablecemento da legalidade debe ser inmediato sen prexuízo das accións futuras contra os demais.

³⁴ "Comentarios ós arts. 88 e 89... *cit.*", páxs. 221-222.

³⁵ "Los montes vecinales en mano común..." *cit.*, pág. 25.

impediría a clasificación do monte aínda que, na miña opinión, non o exercicio das accións pertinentes polos pretendidos comuneiros ante a xurisdicción ordinaria a salvo coa excepción da cousa xulgada imposta polo artigo 1252 CC referida a que en anterior litixio concluído por sentenza firme existise pronunciamiento sobre a cualificación xurídica do monte.

Partindo de que a imprescritibilidade non só é predicable sobre a titularidade do monte senón tamén, e como sostén a Sentencia do 21 de xuño de 1995, A.P. Lugo (*RXG* 1995, 191), dos propios aproveitamentos aínda iniciados antes da clasificación do monte³³, para García Caridad a nota de imprescritibilidade hai que entendela referida ós membros integrantes da comunidade e fronte a esta, mentres aqueles posúan tal carácter de comuneiros xa que nos demais supostos a prescrición do dominio en favor doutra persoa pode provoca-la perda do mesmo para a comunidade veciñal, como sucede para todo tipo de montes, incluso os públicos³⁴. Sen embargo, e como acertadamente indica Raposo Arceo³⁵, á luz da Lei estatal 55/1980 e da Lei 13/1989 esta tese non é admisible xa que a imprescritibilidade é predicable non soamente respecto dos titulares do monte, senón tamén incluso fronte a terceiros, e aínda no caso de desaparición da comunidade veciñal. Neste caso o monte veciñal en man común conserva o seu carácter de imprescritible e a Consellería de Agricultura é a que o xestiona. Por iso non é posible a adquisición por prescrición en favor dun ou varios comuneiros, nin a título particular nin, no caso resolto pola sentenza do 30 de outubro de 1991, A.P. Pontevedra, Sección 1ª (*RXG* 1992, 52), para unha comunidade veciñal máis restrinxida ou intracomunitaria integrada soamente por algún dos seus titulares pois, como di a mencionada sentenza, non é de ningún xeito admisible a posibilidade de que uns veciños, grupo de habitantes dun lugar adquiran por prescrición e para a súa propia comunidade veciñal unha parte do monte veciñal, dado o carácter de imprescritibilidade dos montes que teñen a condición de veciñais en man común.

Cuestión distinta, sen embargo, é a posible prescrición da acción que poida desempeñar o veciño ou grupo de veciños contra a comunidade veciñal para que se lles recoñeza o seu dereito a seren considerados comuneiros por concorreren neles os requisitos que esixen os artigos 3.1 da Lei 13/1989, e 4 do regulamento, pois neste caso non se trata da prescrición adquisitiva do monte por particulares senón da prescrición extintiva dunha acción para formar parte da comunidade veciñal, acción que, segundo a sentenza do 20 de outubro de 1992, TSXG (*RXG*

1992, 393) si está sometida ó réxime do artigo 1963 CC aínda que no caso concreto non estima que transcorrese o prazo de 30 anos sinalado por tal norma³⁶.

O principal problema que formula a imprescritibilidade dos montes en man común é o da súa aplicación retroactiva a situacións anteriores e consolidadas á entrada en vigor do artigo 89 da Compilación de 1963, na que por primeira vez se lles reconece tal característica xurídica ós montes veciñais en man común, e se ben na Lei 52/1968, se admitía a usucapión consumada, á luz da Lei 55/1980, prevaleceu unha interpretación a favor da súa aplicación retroactiva³⁷ de maneira que, como se dirá a continuación, fronte á clasificación do monte non cabe opoñer adquisicións consolidadas de dominio, en último termo inexistentes en dereito.

Neste sentido pronúnciase a Sentencia do Tribunal Supremo do 26 de febreiro de 1990, Sala 3^a, (*Arzdi*. 1990, 878) que confirma a Sentencia do 15 de xuño de 1987 da daquela sala do contencioso-administrativo da Audiencia Territorial da Coruña na que se afirmaba que:

“O carácter de imprescritibles, que o artigo 2 da Lei 55/1980 lles atribúe a estes bens impide que poidan ser obxecto de usucapión, sendo esta imprescritibilidade de eficacia retroactiva, como se deduce da comparación dos artigos 12 da citada lei e 1.2 da anterior 52/68, pois mentres nesta se establecía que non sería obstáculo para a cualidade de montes en man común a inclusión dos mesmos en catálogos, inventarios ou rexistros públicos con asignación de diferente titularidade, sempre que tales actos formais non fosen acompañados dun cambio real e efectivo na posesión durante o tempo necesario para gañalo dominio por prescripción ou as inscricións se producisen en exe-

³⁶ Sobre as accións para o recoñecemento da condición de veciño membro da comunidade veciñal *vid.*, a sentenza do 21 de xullo de 1993, A. P. Lugo (*RXG* 1993, 184) con ocasión do exercicio dunha acción interdictal con tal finalidade. É de recordar que a disposición adicional 3^a da Lei 13/1989, na que se establece que tódolos procedementos, salvo o de clasificación, os substanciará o trámite dos incidentes, foi obxecto de recurso de inconstitucionalidade núm. 170/1990, admitido a trámite por providencia do 29 de xaneiro de 1990 ratificada por auto do 3 de xullo de 1990, suspendéndose a vixencia e aplicación da referida disposición, polo que, en xeral, e excepto litixios con contía económica determinada á que haberá que estar, os procedementos terán que instarse a través do declarativo de menor contía. *Vid.*, Sentencia do 15 de xuño de 1995, A. P. A Coruña, Sección 2^a (*RXG* 1995, 132).

³⁷ Sinalaba ABRAIRA LÓPEZ, *El derecho foral gallego. Estudio crítico de la Compilación del Derecho Civil Especial de Galicia*, Santiago de Compostela, 1970, páxs. 84-85, que resulta estraño que respecto destas cualidades esenciais dos montes veciñais en man común se fale de irretroactividade, porque o precepto é por esencia retroactivo xa que sendo o seu obxecto os montes tradicionalmente posuídos polos veciños, as cualidades asignadas no art. 89, só poden referirse ás anteriores relacións xurídicas, únicas posibles”.

cución de sentenza, dictada no xuízo declarativo correspondente, a lei vixente, en mandato coincidente suprime a excepción da prescrición o que revela que non se admite como feito que puidese extinguir-lo dereito dos veciños do grupo comunitario de que se trate. A idéntica conclusión conduce a disposición final 3ª da vixente lei que declara inexistentes en dereito os negocios xurídicos realizados sen intervención da comunidade titular do monte antes da entrada en vigor da lei ou da clasificación do monte, con algunhas excepcións entre as que non se encontran as transmisións de dominio”.³⁸

4. A clasificación do monte veciñal e os seus efectos

Sen prexuízo das críticas realizadas á propia existencia e composición dos propios xurados provinciais de montes³⁹ é certo que tanto a Lei 13/1989, como o regulamento os manteñen e, deixando á parte os aspectos puramente procedementais de carácter administrativo, regulados con certa minuciosidade nos artigos 13 e seguintes do regulamento, parece oportuno centrarse nos efectos que, fundamentalmente respecto dos terceiros, produce a existencia do propio expediente de clasificación como a resolución que lle pon fin ó mesmo, partindo da idea de que a práctica acredita que os problemas máis importantes xorden cando terreos que integran o monte veciñal aparecen posuídos a título de dono polos particulares ou concellos, incluso con inscricións rexistradas ó seu favor.

O inicio do expediente de clasificación supón darlle publicidade oficial mediante a publicación do acordo no *Diario Oficial de Galicia* así como de edictos nos lugares públicos de costume e nos asentamentos da comunidade veciñal interesada (art. 11.3 da lei e 23.2 do regulamento) e iso para os efectos de ser oídos todos cantos resulten interesados no expediente, para o que se establece no artigo 21 do regulamento a necesidade de solicitar certificación do Rexistro da Propiedade dos asentos que poidan afectar ós terreos en cuestión⁴⁰, fundamentalmente para a acreditación das persoas, ó favor das cales se encontre inscrito calquera título referente ó monte ós que se lle deberá notificar

³⁸ Dende o meu punto de vista os montes veciñais en man común poden ser cualificados como *res extracomercium*, no mesmo sentido en que a Sentencia do 6 de xullo de 1988, TS, Sala 1ª (Arzdi. 1988, 5557) cualifica a zona marítimo-terrestre. Vid., non obstante a Sentencia do 18 de novembro de 1996 (AC 1997, 226) que estrañamente parece admitir a usucapión antes da cualificación polo Xurado Provincial.

³⁹ Para RAPOSO ARCEO, “Los montes vecinales en mano común... cit.”, páx. 27, é criticable a existencia dos xurados por constituíren unha institución, que no momento actual en que se recoñece de modo indubidable na lexislación vixente a titularidade privada destes montes e dado o carácter administrativo dos mesmos, non ten razón de ser e debería ser substituído por un órgano, ben sexa de natureza xurisdiccional, ben de natureza arbitral, que asumisen as funcións que hoxe teñen atribuídas estes xurados. Por outra parte na composición do Xurado Provincial concorre un claro protagonismo da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes que configura o artigo 10 da lei 4 representantes dun total de 9.

⁴⁰ O artigo 21 que recibidos os datos ós que se refire o artigo 20 (antecedentes sobre o monte, descrición física, etc., remitidos polos servizos provinciais de montes), “solicitarase do Rexistro da Propiedade certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión, e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, no que se exprese título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos; así mesmo, que certifique se algunha das ditas cargas foi obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade”.

directamente a existencia do expediente de clasificación (art. 11.2 da lei e 23.1 b) do regulamento).

Recibida a certificación do Rexistro da Propiedade, se os terreos afectados se encontran inscritos a nome de terceiros, conforme ó artigo 27 do regulamento, que reitera a declaración do artigo 12 da Lei estatal 55/1980 ante a omisión da Lei 13/1989, iso non será obstáculo para continuar co procedemento de clasificación do monte, salvo que os asentos se practicasen en virtude de sentenza dictada en xuízo declarativo⁴¹ suposto no que, na miña opinión, o expediente se interromperá respecto dos terreos afectados sen prexuízo do que poida resultar do declarativo correspondente ante a xurisdicción civil⁴². Fóra deste caso, sobre os terreos que consten inscritos, practicarase anotación preventiva para facer constar a existencia do expediente de clasificación e que o terreo referido pode resultar afectado pola resolución final daquel (art. 23.1 e) do regulamento).

A iniciación do expediente e, no seu caso a anotación preventiva, supoñen xa os primeiros efectos que restrinxen de maneira substancial os dereitos dos que ata ese momento aparecen como titulares dos terreos integrados no monte sometido a clasificación. Por unha parte quedan en suspenso tódalas facultades de disposición e así, segundo o artigo 24 a) do regulamento, ningún terreo afectado polo expediente poderá ser obxecto de alleamento, división ou gravame ata que o Xurado Provincial dicte a oportuna resolución e, por outra, incluso as facultades de uso e gozo se ven restrinxidas pois, tal e como establece o artigo 24 b) do regulamento, tódolos beneficios netos obtidos dos aproveitamentos habidos no transcurso da tramitación do expediente deberán depositarse na Tesourería Xeral da Xunta de Galicia a resultas do que se obteña da clasificación, salvo acordo expreso noutro sentido entre a comunidade de veciños presuntamente titular do monte e o concello do municipio no que radique. É de resaltar que esta norma parece estar pensando exclusivamente en que sexa o concello quen irroque a titularidade dominical e non os particulares polo que neste caso, ó meu modo de ver, o acordo para darlles ós aproveitamentos outro destino que non sexa o depósito administrativo deberá ser entre a comunidade veciñal e quen apareza como titular.

Por outra parte, nada se especifica no regulamento sobre a administración dos terreos afectados polo expediente de clasificación pois, se ben se expresa o destino dos rendementos netos, nada se di sobre a súa obtención. Cabería pensar que a xestión durante o procedemento de clasificación lle corresponde á Xunta Provisional á que se refire o artigo 19 da lei pero é de ter en

⁴¹ "Non será obstáculo para a clasificación dun monte como veciñal en man común o feito de estar incluído nalgún catálogo, inventario ou rexistro público con asignación de diferente titularidade, salvo que os asentos se practicasen en virtude de sentenza dictada en xuízo declarativo".

⁴² Non obstante, e segundo se deduce da disposición adicional 1ª da Lei 13/1989, parece posible chegar á resolución definitiva do Xurado Provincial aínda que en tal caso non se poderían rectificar as inscricións contradictorias. Sen embargo, dende o meu punto de vista, a continuidade do expediente produciría efectos moi perturbadores pois segundo o artigo 13 a) estaríase-lle atribuíndo a propiedade á comunidade veciñal mentres que o Rexistro da Propiedade publicaría unha titularidade diversa.

conta que, segundo o artigo 33 do regulamento, a mesma só se constitúe unha vez asine a clasificación do monte como veciñal en man común e, ademais, non todo expediente de clasificación acaba necesariamente coa súa declaración de monte en man común polo que, na miña opinión, a comunidade veciñal ou simplemente os veciños que nun futuro haberán de integrala, carecen de facultades de administración dos terreos afectados polo que a mesma continuará nos seus titulares ou correspondéndolle á Consellería de Agricultura tales funcións por aplicación analóxica do artigo 27 a) da lei. Unha vez firme a resolución de clasificación como monte veciñal en man común, non antes de alcanza-la dita firmeza, as cantidades depositadas entregaránselle á comunidade veciñal pois, como di a continuación, tal declaración ten o efecto de atribuírle a aquela a propiedade do monte mentres non exista sentenza firme en contra dictada pola xurisdicción ordinaria.

A resolución non firme pola que se clasifique un monte como veciñal en man común será obxecto de anotación preventiva no Rexistro da Propiedade (art. 11.5 da lei e 28 do regulamento), notificada ós interesados no expediente e publicada no *Diario Oficial de Galicia*, e pódese interpoñer contra ela recurso de reposición (art. 12 da lei), posibilidade que haberá de entenderse subsistente de acordo co artigo 107.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Respecto dos efectos da resolución firme de clasificación dun monte como veciñal en man común, a regulación legal é certamente complexa e fonte de dúbidas interpretativas, sobre todo en canto á súa eficacia en relación co Rexistro da Propiedade.

En primeiro lugar, e segundo o artigo 13 a) da Lei 13/1989⁴³, a resolución firme atribúelle a propiedade á comunidade veciñal que corresponda, en tanto non exista sentenza firme en contra, dictada pola xurisdicción ordinaria. Como sinala Raposo Arceo⁴⁴ encontrámonos ante unha duplicidade de xurisdiccións, porque ó ser, a resolución de clasificación, un acto administrativo cabe a súa revisión, tralo recurso de reposición ante o propio xurado, ante a xurisdicción contencioso-administrativa, tal e como recolle o propio artigo 12 da Lei 13/1989. En tal recurso contencioso, ademais de cuestións de procedemento, a instancia dos terceiros afectados pola clasificación, como din as sentencias do 7 de novembro de 1995, TS, Sala 3ª (Arzdi. 1995, 8454) e 14 de decembro de 1995, TS, Sala 3ª (Arzdi. 1995, 9468), só pode discutirse a cualidade ou non dos terreos como montes veciñais en man común nos requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, é dicir, se existiu ou non un

⁴³ Cómpre sinalar como o artigo 13 da Lei 13/1989 e, a disposición adicional 1ª, para os efectos da resolución firme de clasificación, citan expresamente o artigo 13 da Lei estatal 55/1980, o contido da cal, con algunhas modificacións, reitera, salvando así unha posible inconstitucionalidade ó regular temas rexistrados de inmatriculación, excluídos da competencia das comunidades autónomas no artigo 149.1.8 da Constitución.

⁴⁴ "Los montes vecinales en mano común..." cit., páx. 27.

aproveitamento consuetudinario en man común por parte das comunidades do monte que é o que fai procedente a súa clasificación, pero non cabe discutir cuestións referentes á confrontación de titularidades, e eventualmente de inscricións, para resolver a favor do titular de mellor dereito.

Por iso, calquera que sexa a sentenza, tal e como consideran os artigos. 13 a) da Lei 13/1989 e 13.1 da Lei estatal 55/1980, terá o valor de simple "presunción de titularidade" pois na xurisdicción ordinaria poderálle formularse demanda sobre a titularidade dominical, ó resultado definitivo da cal haberá que aterse se ben, e en canto non recaia sentenza firme, a resolución do Xurado Provincial producirá tódolos seus efectos, atribuíndolle, ademais, as sentencias do 9 de marzo de 1993, TS, sala 3ª (Arzdi. 1993, 1628) e a citada do 14 de decembro de 1995, TS, sala 3ª (Arzdi. 1995, 9468), unha presunción *iuris tantum* de legalidade e acerto tanto polo principio de legalidade administrativa como pola composición, calidade e obxectividade dos membros dos xurados provinciais⁴⁵ o que haberá de terse en conta cando, ante a xurisdicción ordinaria, se impugne a clasificación efectuada como monte veciñal en man común.

A posibilidade de dobre xurisdicción tamén ten a súa importancia naqueles casos en que a resolución do Xurado Provincial, ou no seu caso a sentenza dictada na xurisdicción contencioso-administrativa, sexa contraria á clasificación do monte en que, recorda a Sentencia do 18 de xuño de 1991, v, sala 3ª (Arzdi. 1991, 4688) recaída en tal suposto, os pretendidos copropietarios poderán formula-la cuestión de propiedade e o carácter do monte na xurisdicción ordinaria se ben non como comunidade veciñal, a través dos seus órganos de representación, senón como calquera comuneiro pois, como di a sentenza do 10 de marzo de 1993, TSXG (RXG. 1993, 44) a Xunta Rectora e o seu presidente coas facultades de representación que lle concede o artigo 15.1 da Lei 13/1989 só existen trala clasificación do monte, desestimando, en consecuencia, a demanda presentada por un presidente en nome dunha comunidade veciñal inexistente.

Por último neste aspecto, a dobre xurisdicción administrativa e civil non supón que se encontren en ordenación sucesiva, é dicir, a imposibilidade de acudir en reclamación ante a xurisdicción ordinaria do carácter monte en man común duns terreos sen que previamente se tramitase o correspondente expediente ante o Xurado Provincial pois, como di a Sentencia do 29 de febreiro de 1996, TSXG (RXG 1993, 30) as cuestións de propiedade, tratándose dunha propiedade privada, son sempre

⁴⁵ Sen embargo ha de terse en conta a matización da Sentencia do 31 de xaneiro de 1989, sala 5ª (Arzdi. 1989, 407) cando afirma que se ben pode admitirse unha presunción de acerto a favor dos acordos dos xurados provinciais de Montes en Man Común, iso sempre sobre a base de que os mesmos se sustenten en feitos, se ben non indubidables, polo menos consistentes e certos e que apreciados illadamente ou en conxunto permitan razoablemente concluir na existencia de datos en que apoia-los seus acordos. Por outra parte, a Sentencia do 7 de novembro de 1995, sala 3ª (Arzdi. 1995, 8454) partindo da presunción de acerto e legalidade na resolución do Xurado Provincial reitera que pode quedar desvirtuada pola proba en contrario practicada.

competencia da xurisdicción ordinaria (arts. 13 a) da Lei 13/1989 e 30 a) do regulamento) de maneira que, para que unha acción declarativa ou reivindicatoria prospere, non se require que, previamente, o monte fose clasificado como veciñal polo Xurado Provincial.

En todo caso, e como din as sentencias do 30 de outubro de 1991 e 24 de febreiro de 1992, A.P. Pontevedra, sección 1ª (RXG 1992, 52 e 207), a resolución do Xurado Provincial non é constitutiva senón declarativa, é dicir, que a condición e o *status* do monte clasificado como monte veciñal en man común o tiña con anterioridade á clasificación do xurado, non dende o seu pronunciamento⁴⁶.

En segundo lugar, a resolución definitiva de clasificación serve de título inmatriculador suficiente para a inscrición do monte no Rexistro da Propiedade, inmatriculación que, caso de non constar previamente no rexistro non implica ningún problema pois, á vista do disposto no artigo 13.3 da Lei estatal 55/1980, e 31 do regulamento galego encontrámonos ante un suposto de inmatriculación por certificación de dominio (art. 206 LH). Agora ben, no caso de que os terreos se atopen inscritos a nome de terceiro, o acceso a rexistro non aparece nada claro cando se trata de particulares⁴⁷.

En efecto, no suposto de que figure titular da inscrición, como non deixa de ser frecuente, o concello, os problemas hipotecarios son de fácil solución. Segundo o artigo 29 c) do regulamento, por firme que sexa a resolución de clasificación, o xurado trasladaralle a certificación do acordo ó concello correspondente, co fin de que sexa excluído, o monte, do inventario de bens, no caso de que estivese incluído, *solicitando a cancelación da inscrición no Rexistro da Propiedade, no caso de que existise*. A concordancia interna do rexistro prodúcese así mediante a inmatriculación do monte e a cancelación voluntaria dos asentos contradictorios⁴⁸.

do asento de inscrición no folio correspondente en que se encontre xa inmatriculado o monte. De tódalas formas iso sería o procedente no suposto, en certa medida excepcional, de que tódolos terreos incluídos na clasificación do monte veciñal se atopasen inscritos como unha soa leira a nome de terceiro en que non correspondería nova inmatriculación senón inscrición da resolución do Xurado Provincial. Pero nos casos máis frecuentes de que parte dos terreos non se encontren inscritos, e outros figuren en diferentes folios como leiras independentes a nome de diversos titulares rexistrados, parece que a intención do lexislador é que a totalidade do monte se inmatricule como unha soa leira e un único asento de inscrición, para o que se cancelan os demais.

⁴⁸ Tal e como establece o artigo 27 do regulamento, "no caso de que o ben clasificado estivese incluído no Inventario de bens municipais ou no Catálogo de montes de utilidade pública, nin os concellos nin a Administración estarán obrigados a impugna-la resolución do xurado".

⁴⁶ *Vid.*, no mesmo sentido a Sentencia do 21 de xuño de 1995, A. P. Lugo (RXG 1995, 191) na que se afirma que os montes veciñais en man común teñen unha existencia dende tempo inmemorial, sen que a clasificación transforme a súa natureza xurídica, pois o único que fai é recoñecelo, delimitándoo para que, desde ese momento, quede ben individualizado, pero antes da clasificación era xa tan monte en man común como o é despois dela. No mesmo sentido a Sentencia do 18 de novembro de 1996 (AC 1997, 226) ó dicir que o título de dominio apto en relación co monte veciñal en man común o é a posesión inmemorial, que non se substitúe pola resolución do Xurado Provincial pois, ó contrario, esta limitase a reafirmalo.

⁴⁷ O artigo 13 da Lei 13/1989, ó igual có artigo 13 da Lei estatal 55/1980 só fala de inmatriculación, sen ter en conta que iso só sucede cando a leira non figura xa previamente inscrita e accede por primeira vez ó Rexistro da Propiedade pois, noutro caso, o que procede é a extensión

Cando a inscrición é a favor de particulares que a certificación teña efectos directos cancelatorios das inscricións existentes pode ser moi discutible, por distinguirse, ó meu modo de ver, dous réximes moi diferentes: un xeral contido no artigo 13 b) da Lei 13/1989, e outro especial ó que se refire a súa disposición adicional 1ª, seguindo, pola súa vez, o modelo (materia rexistral) da Lei estatal 55/1980.

Así, segundo o artigo 13.3 da Lei 55/1980, a resolución firme de clasificación serve de título inmatriculador suficiente para o Rexistro da Propiedade. E engade “en caso de contradicción entre a resolución do xurado e o que conste no Rexistro estarase ó previsto para tales supostos na Lei de montes e no seu regulamento, en concordancia co disposto na lei e regulamento hipotecario”. Segundo o artigo 11 da Lei de montes do 8 de xuño de 1957, se a certificación para inmatriculación estiver en contradicción con algún asentado non cancelado ou a descrición deste coincida nalgúns detalles coa de predios ou dereitos xa inscritos, procederase na forma que determina o artigo 306 do regulamento hipotecario, é dicir, o rexistrador suspenderá a inscrición solicitada e remitiralle a copia dos asentados contradictorios á autoridade que asinase a certificación quen, se o estimase procedente, pode acudir ó xuíz de 1ª Instancia quen, trala audiencia daquel que podería ter algún dereito sobre o inmovible, dictará auto para a seguir declarar ou non inscribible o documento de que se trate. Pero, como di Lacruz⁴⁹, nótase que este procedemento e esta resolución xudicial se contraen a dilucidar a dúbida de se estaba inmatriculada ou non a leira ou, a se era ou non contradictorio o asentado vixente; polo tanto non se pode resolver sobre a preferencia pois, como di a RDGRN do 19 de xaneiro de 1960 (*Arzdi.* 1960, 116) as certificacións de dominio “por ter un carácter inmatriculador, carecen de virtualidade para provocar a cancelación de asentados do Rexistro, que só se poderá obter conforme ó artigo 82 mediante o xuízo ordinario”.

Por iso, nestes casos, o artigo 70 do regulamento de montes, aprobado por Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, establece que se o monte estivese inmatriculado a favor de persoa distinta da entidade pública á que o catálogo lle asigna a pertenza, a inscrición a favor desta practícase mediante calquera dos medios de rectificación do Rexistro establecido no artigo 40 a) da Lei hipotecaria, é dicir, por resolución xudicial co fin de ordenar a rectificación nos termos esixidos no artigo 82 da mesma lei. É dicir, que no réxime xeral, a resolución de clasificación do monte, por si mesma, na miña opinión, non é suficiente para cancelar as inscricións contradictorias senón que se require re-

⁴⁹ Elementos de Derecho Civil, III, bis, Derecho Inmobiliario Registral, 2ª edición, reimpresión, Barcelona, 1991, páx. 332, nota 7.

⁵⁰ Indica RAPOSO ARCEO, "Los montes vecinales en mano común..." *cit.*, páx. 27, que sendo o acto de clasificación simplemente declarativo e non constitutivo, con eficacia *ex tunc*, calquera negocio dispositivo anterior á dita declaración, debe entenderse nulo de pleno dereito, por contravención do disposto no artigo 6 CC, criterio de nulidade que é o que aplica a sentenza do 27 de outubro de 1992, A.P. Lugo (RXG 1992, 397) respecto dunhas leiras obxecto de contrato de vitalicio e que estaban integradas nun monte veciñal en man común, así como a Sentencia do 28 de xuño de 1995, A. P. Coruña, sección 5ª (RXG 1995, 137) en relación co artigo 1261 CC ó carecer de obxecto a compravenda de terreos incluídos nun monte veciñal en man común.

⁵¹ Por outra parte non hai que esquecer que aínda cando a resolución de clasificación non teña eficacia directa cancelatoria das inscricións rexistradas contradictorias nin se poida inmatricula-lo monte a nome da comunidade veciñal, iso non lle causa ningún prexuízo a esta pois, recordemos, dende o inicio do expediente de clasificación, conforme o artigo 10.3 existe anotación preventiva e imposibilidade de alleamento, división ou gravame.

⁵² Vid., non obstante a Sentencia do 28 de xuño de 1995, A.P., A. Coruña, sección 5ª (RXG 1995, 137) que aínda que desestima a oposición alegada de terceiro hipotecario amparado polo artigo 34 L.H. non o fai *ab initio* porque ó tratarse dun monte veciñal en man común o título de adquisición sexa nulo, senón por considerar que o terceiro non reúnía o requisito da boa fe ó non ignora-la condición xurídica do monte.

solución xudicial dictada en xuízo contradictorio, no que, obviamente se vai discutir, dentro da xurisdicción ordinaria, a titularidade do ben o que implica discutir exclusivamente o seu carácter ou non de monte veciñal en man común pois, dende logo, nada hai que discutir sobre o pretendido dereito dominical do titular inscrito e o seu título de adquisición xa que for o que for, respecto de tódolos negocios xurídicos realizados antes da clasificación, a disposición final 3ª da Lei estatal 55/1980, coas excepcións que regula que non afectan a titularidade dominical, decláraos non xa nulos de pleno dereito⁵⁰ senón máis radicalmente inexistentes en dereito, polo que nin o terceiro hipotecario que reúna os requisitos do artigo 34 estaría amparado ó faltarlle título válido de adquisición desde o momento en que a inscrición non valida os títulos nulos, ou inexistentes, de acordo coa lei (art. 33 L.H.)⁵¹.

En tal sentido pronúnciase a Sentencia do 22 de maio de 1991, A. P. Pontevedra, Sección 1ª (RXG 1992, 25) ó afirmar que sendo unha venda de leira incluída nun monte veciñal existía "unha prohibición ou inhabilitación legal para allear, que determinou, de por si, a nulidade radical e absoluta da venda, por ilicitude do acto, e que non quedou validada pola inscrición, segundo o que se prevé no artigo 33 da Lei hipotecaria, e sen que o adquirente poida acollerse á norma protectora do principio de boa fe, establecido no artigo 34 da Lei hipotecaria, posto que, como declara o Tribunal Supremo en sentencias do 31 de outubro de 1968 -*Arzdi.* 1968, 5813- e 13 de outubro de 1982, (ambas referidas a supostos de bens alleados en contravención do disposto no art. 64 da Lei de contrabando, e inscritos por un terceiro de boa fe) "a inhabilitación para allear ten unha orixe legal e xorde da propia lei, ó superpoñerse á vontade particular, cunha finalidade de utilidade pública, sen que por estar imposta pola lei, necesite para a súa eficacia unha inscrición especial". Igualmente a Sentencia do 24 de febreiro de 1992, A.P. Pontevedra, Sección 1ª (RXG 1992, 207), con cita das sentencias do Tribunal Supremo do 31 de outubro de 1968 -*Arzdi.* 1968, 5813-, 13 de outubro de 1982 e 22 de maio de 1991, ó afirmar que acreditada a condición de monte veciñal en man común a inscrición no Rexistro a nome dun particular, dado o estatuto xurídico destes montes resulta totalmente nula⁵².

Agora ben, este é o sistema xeral que se deduce do artigo 13.3 da Lei estatal 55/1980 que ten unha excepción na disposición transitoria 1ª: "por excepción ó disposto no artigo 13.3 desta lei, as resolucións dos xurados provinciais terán eficacia, durante o prazo de cinco anos a partir da súa firmeza, para rec-

tifica-las inmatriculacións contradictorias do Rexistro da Propiedade, salvo que as mesmas se practicasen en virtude de sentenza dictada en xuízo declarativo". Trátase dunha norma que, durante un prazo de tempo determinado, lle engade un plus de eficacia á resolución de clasificación: dentro dos cinco anos desde a súa firmeza, por si soa, sen necesidade de resolución xudicial, é suficiente para cancelar toda inscrición contradictoria, sexa ou non terceiro hipotecario, que conste no Rexistro da Propiedade, salvo que se practicase en virtude de sentenza dictada en xuízo declarativo, en tal caso, desde o meu punto de vista, non será posible a cancelación pero a comunidade veciñal poderá articula-las súas pretensións ante a xurisdicción civil sen máis límites có respecto á cousa xulgada cando se dean os requisitos para iso establecidos no artigo 1252 CC.

Tal conclusión, dende un punto de vista estritamente hipotecario, pode resultar sorprendente, e así o entende Raposo Arceo⁵³ para quen é moi discutible, á luz do artigo 40 da Lei hipotecaria, que unha resolución dun xurado de montes rectifique *per se*, e sen recaer resolución xudicial firme, un asentado do Rexistro. Sen embargo, na miña opinión, non cabe ningunha dúbida diso pois, vencido o respecto ancestral cara á lei e o regulamento hipotecario, trátase simplemente dunha lei posterior que modifica unha anterior, de maneira que nin o artigo 40 nin o 82 da Lei hipotecaria son obstáculos ó seren simplemente modificados pola disposición transitoria 1ª da Lei estatal 55/1980 no que se refire ós montes veciñais en man común, non tendo, ó meu xuízo, obxecto a discusión de se unha lei especial pode modificar outra lei especial.

Como se dixo anteriormente, e na miña opinión, a Lei 13/1989 e o seu regulamento seguen simplemente a mesma ordenación rexistral cá Lei estatal 55/1980.

O réxime xeral aparece recollido no artigo 13 b) da Lei e 31 do regulamento. Este último, reproducindo o artigo 11.1 da Lei estatal 55/1980, remítase ó artigo 306 da Lei hipotecaria no caso de contradicción, dentro dos termos do artigo 306, entre a resolución do xurado e algún asentado cancelado ou que a descrición coincidise nalgúns detalles coa dos predios ou dereitos xa inscritos, para o que, o artigo 13 b) da Lei 13/1989 aclara que a resolución de clasificación serve "para resolver sobre as inscricións total ou parcialmente contradictorias que resulten afectadas" e "se a certificación para a inmatriculación do monte estivese en contradicción con algún asentado non cancelado, procederá na forma prevista na lexislación hipotecaria", é dicir, artigos 40 e 82 L.H.

⁵³ "Los montes vecinales en mano común... cit.", páx. 28.

O réxime especial da disposición transitoria 1ª da Lei estatal 55/1980 aparece recollido na disposición adicional 1ª da Lei 13/1989, se ben o prazo de cinco anos aparece reducido só a un e, por último, a disposición adicional do regulamento recolle o establecido na disposición final 3ª da Lei estatal 55/1980.

5. A organización da comunidade veciñal e a xestión do monte

Segundo o artigo 4.1 da Lei 13/1989, a comunidade de veciños propietaria dun monte veciñal en man común terá plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos, sobre o monte e os seus aproveitamentos, así como sobre a súa administración e disposición, declaración de principios que reitera e estende o artigo 32 do regulamento ó dicir que a comunidade propietaria exercerá a administración, desfrute e disposición dos montes veciñais en man común conforme ós seus propios estatutos, e terá plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, incluído o exercicio, tanto en vía xudicial como administrativa, de tódalas accións que sexan necesarias para a defensa dos seus específicos intereses.

Encontrámonos, pois, como di o artigo 3.1 da lei, cunha propiedade de natureza privada e colectiva, con autonomía a comunidade veciñal para a xestión e disposición do monte e dos seus aproveitamentos como tal propiedade privada. Sen embargo, e como especifica o artigo 4.1 da lei e 32 do regulamento "só dentro das prescricións da lei e do regulamento", o que significa que tal autonomía é moi relativa tanto polo carácter imperativo da Lei 13/1989, como por, e sobre todo, o mantemento dun forte intervencionismo da Administración autonómica xa non só pola existencia dos xurados provinciais senón polo control dos montes veciñais en man común a través da Consellería de Agricultura.

En efecto, con independencia da declaración xeral do artigo 2 da Lei sobre a indivisibilidade e inalienabilidade dos montes en man común, e como se viu anteriormente, os artigos 5 a 8 da lei limitan a actuación da comunidade veciñal sobre o propio monte e incluso o artigo 22 impón determinados criterios sobre os aproveitamentos que quedan fóra da autonomía da comunidade vecinal. Por outra parte, a intervención da Administración é reiterada: forma parte case con maioría do xurado provincial con competencia para a clasificación do monte (art. 10 da lei), e pode ela mesma iniciar o expediente de clasificación sendo a Administración a que efectuará o deslinde (art. 11.1 e

4 e 25 da lei); pode suspender os órganos de xestión da comunidade veciñal e asumir a xestión do monte (art. 27 da lei); establécese un Rexistro Xeral de montes veciñais en man común (art. 26 da lei) e ademais un inventario deles (disposición adicional 5ª da lei) para a elaboración dun plan de aproveitamento dos montes veciñais (disposición adicional 6ª da lei); calquera cesión temporal requirirá informe favorable da Consellería de Agricultura (art. 5 do regulamento); as ocupacións e servidumes deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral de Montes (art. 7 do regulamento); as permutas requirirán informe favorable da Consellería (art. 9 do regulamento); durante o expediente de clasificación os beneficios dos aproveitamentos deberán depositarse na Tesourería Xeral da Xunta de Galicia (art. 24 do regulamento); os aproveitamentos forestais dos montes están controlados pola Administración (art. 49 do regulamento); pode declarar o monte en estado de abandono e asumir a xestión do mesmo se non se cumpren os plans de explotación agrogandeira e forestal (art. 28.4 da lei), etc.⁵⁴

Dentro, pois, das limitacións impostas pola lei e o regulamento e co control da Xunta de Galicia, as comunidades veciñais teñen capacidade para administrar o monte veciñal en man común e os seus aproveitamentos, se ben partindo da base de que, aínda que outra cousa pareza deducirse dunha simple lectura do artigo 4.1 da Lei 13/1989, realmente, como recorda a Sentencia do 10 de marzo de 1993, TSXG (RXG 1993, 44), carecen de personalidade xurídica propia⁵⁵ xa que os dereitos de copropietario continúan pertencendo ós seus eventuais compoñentes, aínda que iso non impide que teñan os seus propios órganos de representación nunha construción similar á das comunidades de propietarios reguladas pola Lei de propiedade horizontal do 21 de xullo de 1960, o que se realiza a través dos órganos establecidos na lei e que son a Xunta Provisional, a Asemblea Xeral, a Xunta Rectora, a parroquia e a Consellería de Agricultura en situacións especiais e, incluso, calquera comuñeiro en defensa dos intereses da comunidade veciñal⁵⁶.

a) A Xunta Provisional

De acordo co artigo 33 do regulamento, a Xunta Provisional xorde, unha vez firme a clasificación do monte veciñal en man común e, en tanto non se constitúan os órganos de goberno, se ben tamén, e conforme ó artigo 19 da lei, procede a Xunta Provisional nos supostos en que, por calquera causa, aqueles non existen, ausencia de órganos de goberno e non desaparición da comunidade veciñal mesma, circunstancia distinta na que a

⁵⁴ É de resalta-la moi diferente concepción que dos montes veciñais en man común teñen a Lei 13/1989 e o regulamento. O preámbulo da lei é explícito á hora de partir do recoñecemento da natureza privada dos montes veciñais e da necesidade de liberalos das vinculacións que a desnaturalizan, referencia implícita ó control administrativo dándolle á comunidade veciñal plena autonomía para a xestión e gozo do monte. Sen embargo, o regulamento de 1992 xorde con outros criterios de ríxido control administrativo; e así, no seu Preámbulo afirmase que "a tensión doutrinal estivo sempre polarizada sobre a natureza dos montes como bens de dereito privado ou de dereito público. É evidente que as cuestións sobre propiedade están na órbita do dereito civil, pero non cabe esquecer que á vez son bens de utilidade pública, que é un órgano da Administración quen os clasifica como tales, e quen os deslinda, que a propia compilación de dereito foral alude a eles como unha terceira categoría intermedia entre os montes públicos e os privados, que respecto das infraccións que nelles se cometen a Administración debe aplica-lo réxime establecido na lexislación xeral de montes para os montes catalogados e que os aproveitamentos, salvo os tradicionais, se encontran suxeitos á Lei de montes de 1957 e actualmente tamén ás leis do solo. En definitiva, o interese público que en certa medida lles afecta a toda clase de bens incide con maior intensidade nalgúns categorías concretas deste, e cando tal cousa sucede, a titularidade privada dos ditos bens ou ben non se admite máis que excepcionalmente, ou ben aínda admitíndoa, sométese a unha intervención administrativa máis intensa. Os montes, constitúen un claro expoñente diso e así o seu réxime xurídico repártese entre o dereito administrativo e o dereito civil".

⁵⁵ En sentido contrario pronúnciase a Sentencia do 28 de xuño de 1995, A. P. Coruña, sección 5ª (RXG 1995, 137) para a que o artigo 4 da Lei 13/1989 lles reconece personalidade xurídica ás comunidades de veciños propietarios dun monte veciñal en man común. Igualmente admite a personalidade xurídica independente dos comuneiros a Sentencia do 10 de outubro de 1991, A. P. Lugo (RXG 1992, 44).

⁵⁶ Segundo o artigo 10 da Lei 4/1995, "os petrucios dunha parroquia constitúen a *veciña*, que administra os bens en man común, segundo o costume ou a teor do acordado pola maioría. Quedarán excluídos deste réxime os montes veciñais en man común, que se rexesen pola súa propia lexislación".

⁵⁷ O artigo 38 do regulamento establece que cada comunidade levará un libro de rexistro de tódolos veciños comuneiros que, conforme ó artigo 60, se actualizará no mes de xaneiro de cada ano.

⁵⁸ A diferenza da Lei estatal 55/1980, no artigo 4.2 da cal se regula unha aprobación dos estatutos con intervención xudicial, a lei galega, aínda que sinala o contido mínimo que han de ter (art. 16 e 42 do regulamento), atribúelle á comunidade veciñal a través da súa asemblea a competencia exclusiva para a súa aprobación, e non é necesario que sexan referendados nin pola autoridade xudicial nin sequera pola Administración autonómica esixindo exclusivamente o artigo 17 que, unha vez aprobados, se remita unha copia, *para efectos de coñecemento*, ó Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común a que se refire o artigo 26 da lei e 55 do regulamento, se ben o artigo 59 do regulamento estende o coñecemento á súa imperativa inscrición e control administrativo.

xestión do monte e a defensa dos seus intereses a exerce a parroquia ou a Consellería de Agricultura (arts. 4.2, 21 e 27 a) da lei).

Á Xunta Provisional, que exercerá a representación da comunidade, correspóndelle, segundo o artigo 19 da lei e 36 do regulamento, confeccionar, de non existir, a lista provisional de comuneiros⁵⁷ así como impulsa-la redacción e a aprobación dos estatutos, para, a seguir, elabora-lo proxecto dos mesmos tendo en conta que a competencia para a súa aprobación lle corresponde necesariamente á Asemblea Xeral (art. 18 da lei)⁵⁸. Igualmente á Xunta Provisional, segundo o artigo 36.1 b) do regulamento, lle corresponde a elección dos órganos de goberno, norma de defectuosa redacción pois, obviamente, a Asemblea Xeral non é un órgano electo, sen prexuízo da representación de cada "casa aberta" (art. 39 do regulamento), e é a ela a quen lle corresponde a designación da Xunta Rectora (art. 15.1 da lei e 46 do regulamento), debéndose entender máis ben que a Xunta Provisional impulsará a constitución da Asemblea Xeral (art. 19 da lei) que en todo caso deberá celebrarse antes dun ano coa aprobación dos estatutos e, noutro caso, deberá elixirse unha nova Xunta Provisional.

Por último, á Xunta Provisional correspóndelle a xestión e administración do monte veciñal en man común (art. 36.1 d) do regulamento) aínda que iso dentro duns límites moi estreitos pois, segundo o artigo 19.4 da lei, só poderá autorizar, por razóns de urxencia ou de interese xeral, actos de administración de contía económica non superior a un millón de pesetas en total.

b) A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de expresión da vontade da comunidade veciñal que está integrada por tódolos comuneiros (art. 14.1 da lei), e que debe designa-los membros de cada "casa aberta" ós que ten que representar na mesma e, no seu defecto, farao quen asuma de feito a dirección da explotación familiar (art. 39 do regulamento). A asistencia á Asemblea é persoal se ben o artigo 14.5 da lei admite a representación que haberá de ser expresa para cada asemblea, pero só noutro comuneiro, non nun estraño, e sen que ninguén poida asumir máis dunha delegación, para evitar así a concentración de votos e o control de feito da asemblea.

A Asemblea Xeral deberá convocarse con carácter ordinario, con 10 días de antelación e notificarlo por escrito a cada comuneiro (art. 15.4 da lei), unha vez ó ano e sempre dentro dos

seis primeiros meses seguintes á data de peche do exercicio económico, e con carácter extraordinario sempre que o considere oportuno a Xunta Rectora ou por petición polo menos do 20% dos comuneiros (art. 14.2 da lei), e débese celebrar neste caso, segundo o artigo 40.2 do regulamento, no prazo máximo de 2 meses e se a Xunta Rectora non a convoca poderán facelo directamente os comuneiros, sen necesidade de acudir á vía xudicial, para adoptar os acordos oportunos incluíndo a remoción da Xunta Rectora.

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados máis da metade dos comuneiros e en segunda convocatoria cando estean polo menos un 25% deles (art. 14.3 da lei). Agora ben, tales *quorums* permitirán que, por maioría simple dos asistentes, salvo que os estatutos establezan outra cousa, se adopten os acordos sobre aprobación da xestión e do balance do exercicio económico, aproveitamento e actos de administración en xeral pero para a aprobación, reforma ou revocación dos estatutos, así como os acordos referidos ós actos de disposición se esixe, ademais de convocatoria expresa, o voto favorable da maioría dos presentes que representen polo menos o 50% do censo de comuneiros en primeira convocatoria e o 30% na segunda (art. 18 da lei)⁵⁹.

Por último, é de recordar, como di a Sentencia do 6 de xuño de 1995, TSXG (RXG 1995, 126), que se ben é certo que ás comunidades de veciños dun monte en man común non se lles pode esixir un escrupuloso formalismo no seu actuar, dada a índole da súa estrutura, allea xeralmente a todo tipo de asesoramento xurídico, nin polo tanto pensar que cumpran con requisitos propios de entes administrativos ou corporacións públicas, iso non implica que non deban observalo cumprimento duns requisitos mínimos legais, ademais dos estatutariamente establecidos pois, noutro caso, iso suporá a nulidade dos acordos adoptados⁶⁰.

c) A Xunta Rectora

É o órgano de goberno, xestión e representación da comunidade, composta por un presidente e os vocais que sinalen os estatutos sen que poidan ser menos de dous (art. 15.1 da lei) actuando un de vocal e outro de tesoureiro, e é elixida por maioría simple en votación da Asemblea Xeral, por un prazo máximo de 4 anos (art. 46.1 do regulamento). O presidente exerce a representación legal da comunidade e deberá acreditar a dita cualidade para realizar actos de disposición (arts. 15.1 da lei e

⁵⁹ Aínda así cómpre resalta-la redución significativa producida en relación co artigo 7 da Lei estatal 55/1980, pois para os actos de administración ordinaria esixe o voto favorable da maioría dos partícipes, non de asistentes, mentres que para os actos de disposición será necesario o voto favorable das tres cuartas partes dos membros da comunidade.

⁶⁰ Na citada sentenza declárase nula a exclusión no listado de veciños integrantes da comunidade veciñal de determinados membros por non ser convocada a asemblea para tal efecto nin se xustificaren as razóns para tal exclusión.

46.2 do regulamento), representación legal que precisamente lle confire, como di a Sentencia do 22 de decembro de 1992, TSXG (rxg 1993, 9), plena lexitimación pasiva en calquera demanda presentada contra a comunidade veciñal sen que conorra litisconsorcio pasivo necesario dos comuneiros.

d) A administración en situacións xurídicas de pendencia

Como se dixo anteriormente, existente a comunidade veciñal pero sen órganos de goberno, é a Xunta Provisional quen asume as funcións de xestión e administración do monte veciñal en man común (art. 19.1 da lei). Situación distinta é a desaparición da comunidade veciñal, xeralmente polo despoamento do núcleo de poboación no que se asentaba a comunidade titular do monte e en tal caso, e segundo o artigo 20 da lei, correspóndelle á parroquia na que radique o monte, a defensa dos seus intereses que regulará, en concepto de titular provisional, o aproveitamento do monte en beneficio da comunidade parroquial. Se a parroquia non fai uso deste dereito tales funcións realizaraas a Consellería de Agricultura (art. 27 a) da lei). É de resaltar que tal administración se configura simplemente como provisional "ata que, se é o caso, se reconstitúa a comunidade", pero sen que nin a lei nin o regulamento regulen o suposto de que non se restaure a agrupación veciñal como fai o artigo 8 da Lei estatal 55/1980 en que, ó cabo de 30 anos, o monte pasará definitivamente ó patrimonio da entidade local administradora co carácter de ben comunal, norma que, ó meu modo de ver, non é de aplicación en Galicia onde a desvinculación entre a titularidade do monte veciñal en man común e o concello pretende ser radical.

e) A actuación individual do comuneiro

Sempre foi característico das formas de comunidade que, con independencia da actuación dos órganos de xestión se lle permita ó comuneiro individual a realización de tódalas actuacións necesarias en defensa dos intereses comúns, fundamentalmente ante a pasividade dos órganos colectivos. O artigo 17 da Lei 13/1989 non é alleo a iso e, seguindo un criterio xurisprudencial tradicionalmente sustentado, establece que "calquera comuneiro poderá defende-los intereses da comunidade de montes en man común". Nada específica o artigo 17, nin o artigo 45 do regulamento, tal e como si fai o artigo 6.2 da Lei estatal 55/1980, que no seu caso as resolucións que se dicten ó seu favor aproveitarán á comunidade, sen que lle prexudiquen a esta as contrarias, pero tal efecto legal debe entenderse de

aplicación ó ser unha consecuencia reiteradamente declarada polos tribunais no exercicio de accións en beneficio dunha comunidade.

A lexitimación do comuneiro en defensa dos intereses comúns non se fai depender da previa pasividade da Asemblea Xeral ou da Xunta Rectora pero aínda que quizais non sexa esixible, por non facelo a lei, que o comuneiro inste á comunidade en defensa dos intereses comúns como requisito previo para recoñecerlle a súa propia lexitimación se cabe negarlla, na miña opinión, cando se produza superposición coas accións ou actuacións realizadas polos órganos de goberno, se ben é de sinalar que este non parece se-lo criterio sustentado pola Sentencia do 16 de maio de 1995, TSXG (RXG 1995, 115) que considera que a lexitimación activa do comuneiro vén determinada polo seu fundamento no dereito material exercitado, isto é, actuación en proveito común, bastando que concorra este para que exerza plena lexitimación incluso, no caso resolto, contra a propia negativa da comunidade veciñal a que o comuneiro interpoña separadamente a acción xudicial.

Por outra parte a lexitimación que concede o artigo 17 comprende, nos termos do artigo 32 do regulamento, o exercicio tanto en vía xudicial como administrativa de tódalas accións que sexan necesarias para a defensa do interese xeral, ben como demandante ou presentándose como parte demandada e se a resolución é favorable ás súas pretensións ten dereito por lei a ser reintegrado pola comunidade de tódolos gastos que lle ocasione tal defensa e, noutro caso, deberá estar a resultas do que aprobe a Asemblea Xeral.

6. Os aproveitamentos

Sendo os montes en man común unha propiedade de natureza privada, establece o artigo 21.1 da Lei 13/1989, que o aproveitamento e o gozo deles lle corresponde exclusivamente á comunidade titular e efectuarase conforme ás normas establecidas nos estatutos, na lei e nas disposicións que a desenvolven. Neste sentido establécense certas normas imperativas.

Por unha parte, de tódolos rendementos económicos que se poidan derivar dos aproveitamentos reservarse unha cantidade, que se debe fixar nos estatutos e que en todo caso nunca será inferior ó 15% daqueles, para investimentos en melloras, protección, accesos e servizos derivados do uso social a que o monte puidese estar destinado (art. 23 da lei). A non xustificación ante a Consellería de Agricultura de tal investimento poderá dar lu-

gar, segundo o artigo 52 do regulamento, a ser considerado un indicador obxectivo para a declaración de grave abandono do monte coa conseguinte suspensión dos órganos de xestión da comunidade veciñal e asunción por aquela da administración do monte veciñal (art. 27 b) da lei). Por outra parte, o artigo 49 do regulamento impón determinadas formas de aproveitamento cando se trate de explotacións forestais, aproveitamento de pastos por gando que non sexa propiedade do grupo comunitario, canteiras, minas e outros aproveitamentos que esixan ocupacións temporais do terreo e aínda que o artigo 21.3 da lei permite grava-los aproveitamentos en caso de execución patrimonial contra a comunidade, a mesma soamente poderá dirixirse contra tales aproveitamentos ou as rendas que se puidesen derivar da cesión temporal do monte feita de conformidade co disposto na lei (art. 5).

Fóra desas limitacións, a comunidade veciñal poderá adoptar-los acordos que estime convenientes en canto a un mellor aproveitamento do monte veciñal en man común e os rendementos que produza, respectando a reserva do artigo 23, dedicaranse en todo ou en parte, segundo conste nos estatutos ou aprrobe a Asemblea Xeral por maioría simple (art. 18.1 da lei), a obras ou servicios comunitarios, con criterios de repartimento proporcional entre os diversos lugares en que se asente a poboación que compón a comunidade titular do monte, a investimentos no propio monte ou ó repartimento, total ou parcial, en partes iguais entre tódolos comuneiros o que deberá facerse necesariamente cando os rendementos non sexan individualizables.

Por último regúlase no artigo 22, seguindo a mesma liña que o derogado artigo 89 da Compilación de 1963, o que Raposo Arceo cualifica de deostado por estar en absoluta contradición coa propia esencia da institución e favorece-la apropiación individual do monte⁶¹, o repartimento de parte do mesmo, non a súa totalidade, en lotes, sortes ou parcelas para usos gandeiros ou agrícolas, trala autorización da Consellería de Agricultura se iso supón transformación do monte (art. 51.2 do regulamento), o que se pode efectuar só entre os comuneiros existentes e os que poidan ingresar no futuro na comunidade para o que deben facerse as pertinentes reservas (art. 22.3 e 4 da lei), ben a título oneroso ou gratuíto, sempre que non sexa inferior á unidade mínima de cultivo (art. 51.1 do regulamento)⁶² e por un período temporal non superior ós 11 anos, ó remate do cal a comunidade poderá optar polo aproveitamento en común ou proceder a un novo repartimento, sen que en ningún caso os

⁶¹ "Los montes vecinales en mano común..." *cit.*, páx. 28.

⁶² *Vid.*, artigo 3.2 da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia e artigos 23 e seguintes da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

lotes que se lles entreguen ós comuneiros poidan coincidir cos que se aproveitaron no período anterior nunha clara finalidade, ademais doutras razóns⁶³, de evita-la apropiación dos montes tras un simple repartimento para aproveitamento temporal, tal e como viña sucedendo⁶⁴.

En canto á distribución ou forma de asignación dos lotes é de resaltar que nin o artigo 22 da lei nin o 51 do regulamento específica cómo ha de facerse, se a partes iguais, por sorteo, etc., desaparecendo definitivamente o antigo criterio recollido no artigo 89 da Compilación de 1963 de que a distribución se realizaría "en proporción directa ó número de familiares e inversa á riqueza dos respectivos adxudicatarios" polo que haberá de entenderse unha distribución igualitaria co único criterio imposto polo artigo 22.1 da lei de que na asignación dos lotes se procurará que os comuneiros que traballen conxuntamente baixo a fórmula de explotación comunitaria da terra teñan os lotes contiguos.

En todo caso, esta forma de aproveitamento do monte non se configura no artigo 22 da lei como un dereito dos comuneiros senón como unha posibilidade que pode decidir ou non a comunidade veciñal, como indica Raposo Pérez⁶⁵, a través da Asemblea Xeral e co *quórum* esixido polo artigo 18 da lei para os actos de disposición polo que, e como di a Sentencia do 10 de outubro de 1991, A.P. Lugo (RXG 1992, 44), aínda que ó meu modo de ver non existe unha personalidade xurídica da comunidade distinta á de cada un dos comuneiros, estes, en tanto non se acorde a determinación das cotas, non teñen título ningún posesorio sobre parcelas concretas pois a posesión do monte non lles corresponde ós diferentes comuneiros senón, como es-

⁶³ A sentencia do 2 de xaneiro de 1996 TSXG (RXG 1996, 1) sinala que a razón da limitación temporal e o obrigado cambio de lotes radica precisamente na eventualidade do número de veciños (é suficiente con examinalo apartado 4 do artigo 22 para comprendelo) e na necesidade de evita-la identidade persoaparcela substituíndoa en consonancia coas características da comunidade xermánica, polo binomio veciño-monte veciñal que resulta alleo totalmente a calquera tipo de atribución patrimonial individual.

⁶⁴ Poden verse as sentencias do 27 de outubro e 23 de decembro de 1992, A.P. Lugo (RXG 1992, 397 e 1993, 14) ambas en reivindicatorias da comunidade veciñal contra comuneiros por terras integradas no monte que foran entregadas para aproveitamento individual e posteriormente irrogaron a propiedade chegando a inscribirse no Rexistro da Propiedade. O mesmo caso na Sentencia do 28 de xuño de 1995, A.P. Coruña, Sección 5ª (RXG 1995, 137) que expresamente manifesta como a facultade tradicional de repartimento do monte para o seu aproveitamento xa recollida no art. 89 da Compilación de 1963 deu lugar a trasmutar en moitos casos o título de gozo polo de presunto dominio mediante manobras torticeiras.

⁶⁵ "Comentario a la sentencia de 21 de junio de 1995, A.P. Lugo..." *cit.*, pág. 214.

pecífica o artigo 3.1 da lei, "ó conxunto dos veciños" e a posesión de feito sen acordo da Asemblea Xeral será ó sumo unha posesión sen título á que poderá poñérselle fin a través do xuízo de desafuzamento en precario⁶⁶ sen prexuízo de que, por outra parte e entre os propios comuneiros, sen acordo de distribución de parcelas non é posible realmente unha posesión individualizable polo que, como di a Sentencia do 7 de xullo de 1992, A.P. Lugo (RXG 1992, 362) non cabe a protección interdita contra a privación de feito da posesión individual realizada pola comunidade veciñal.

7. Protección e xestión cautelara dos montes veciñais en man común

Historicamente foi, e segue sendo, unha preocupación constante do lexislador arbitrar un adecuado sistema de protección dos montes veciñais en man común para os efectos de mantela súa integridade e un adecuado aproveitamento, tarefa que o lexislador galego estrutura en diferentes niveis. Así, o artigo 24 da Lei 13/1989, encoméndalle en primeiro lugar, e como non podía ser menos, á propia comunidade titular do monte⁶⁷ que deberá tomar as medidas necesarias para a xestión, protección e defensa do mesmo recoñecéndolle, recordemos, plena capacidade xurídica para o exercicio tanto en vía xudicial como administrativa, a través do presidente da Xunta xestora (art. 46.2 do regulamento), de tódalas accións necesarias para a defensa dos seus específicos intereses (art. 32 do regulamento). Igualmente a protección e defensa do monte pode ser exercida directamente por un comuneiro (art. 17 da lei).

En segundo lugar, e de acordo coa disposición transitoria 4ª da lei, o Ministerio Fiscal defenderá as comunidades de veciños de montes en man común, cando estas se vexan afectadas na propiedade da que son titulares, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei estatal 55/1980 que lle impón ó Ministerio Fiscal o exercicio das accións civís e penais que sexan adecuadas para restablecer a situación xurídica correcta e perseguir os actos que a contradigan.

En terceiro lugar, e desde logo máis importante, segundo o artigo 25 da Lei 13/1989, correspóndelle á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes velar pola conservación e a integridade dos montes veciñais en man común e o cumprimento do disposto na lei o que, ademais de permitirlle a imposición de sancións (art. 62 do regulamento), sobre todo o faculta ó abeiro do artigo 28 b) da lei para asumir cautelaramente a xestión do

⁶⁶ Como indica RAPOSO PÉREZ, *loc. cit.*, se o artigo 22 da Lei 13/1989 permite a reversión inmediata á comunidade das parcelas que sexan destinadas a uso distinto ou contradictorio do acordado pola comunidade, con máis razón terá lugar a reversión ante un aproveitamento non acordado.

⁶⁷ Afirmar a Sentencia do 9 de maio de 1989, TS, Sala 3ª (*Arz. di.* 1989, 3853) que a facultade de defender e de reivindicar os montes veciñais en man común lle corresponde á comunidade veciñal, sen que os concellos teñan nesta materia competencia ningunha, salvo a situación transitoria de extinción da comunidade a que se refire o artigo 8 da Lei estatal 55/1980, o que incluso agora para Galicia, se pode engadir, ha de entenderse matizado no artigo 20 da Lei 13/1989, que fala da parroquia.

monte no suposto de que a Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Agricultura, declare a situación de estado de grave abandono ou degradación do monte veciñal por razóns de utilidade pública ou de interese xeral (art. 28.2 da lei) o que, por outra parte, non é nada difícil á vista do amplo concepto legal de grave abandono.

En efecto, o artigo 28.1 recolle que se entenderá por monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación aquel que, de modo manifesto, sufrise un grave estrago ecolóxico, non sexa explotado de acordo cos seus recursos ou sufra unha extracción abusiva dos mesmos, configurando o artigo 28.4 o establecemento de indicadores obxectivos que sirvan para a determinación do estado grave de abandono como o grao de aproveitamento da extensión superficial, o grao de manifesto desuso, o carácter depredador das actividades extractivas dos recursos, pero tamén o non xustifica-la reserva esixida polo artigo 51.2 do regulamento (art. 52 deste), ou non constituí-los órganos de goberno ou aproba-los estatutos (art. 61 do regulamento), etc.

En todo caso, e antes da declaración de abandono o artigo 29 da lei prevé a presentación dun plan de mellora pola comunidade veciñal e se non o fai dictarase resolución recorrible ante a xurisdicción contencioso-administrativa. Decretado un monte en estado de grave abandono ou degradación, segundo o artigo 30, a Consellería de Agricultura asumirá cautelaramente a xestión do monte para levar a efecto un plan de mellora, debendo renderlle contas da súa xestión á Xunta Rectora e coa particularidade de que tódolos beneficios obtidos da explotación do monte, deducidos os gastos e investimentos, serán da comunidade veciñal.

Por último, segundo establece a disposición transitoria 3ª da Lei 13/1989, as actuacións para a declaración dun monte en estado de grave abandono ou degradación non se poderán iniciar antes de que transcorra un ano desde a clasificación como monte veciñal. 